



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 05 de maio de 2022 (1206/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Abel Losada Álvarez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día cinco de maio de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(314).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 25 de abril e ordinaria do 28 de abril de 2022 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(315).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ACTUALIZACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO SERVIDOR DOCUMENTAL ALFRESCO (2020-2025). EXPTE. 9858/113.

Visto o informe xurídico do 27/04/2022 e o informe de fiscalización do 28/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/04/2022, asinado pola adxunta ao xefe do

Servizo de Admón. Electrónica, o xefe do Servizo, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 11 de xuño de 2020 adxudicou a *QUERES TECNOLOGÍAS, S.L.* (B-70.007.869) o Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025), expediente 9075-113, por dous anos contados dende o día seguinte da última sinatura dixital do contrato.

O contrato formalizouse o **7 de xullo de 2020** e remata o 7 de xullo de 2022.

Segundo.- Con data de entrada 30 de setembro de 2021 no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento nº 210198197) a empresa *QUERES TECNOLOGIAS, S.L* comunica que con data 24 de setembro de 2021 quedan inscritas no Rexistro Mercantil as escrituras de fusión entre *IZERTIS, S.A.* con CIF A33845009 (empresa absorbente) e a entidade *QUERES TECNOLOGIAS SL* con CIF B70007869 (empresa absorbida). Achega escritura de fusión por absorción outorgada ante o notario de Gijón, don Carlos León Matorras o 28 de xullo de 2021 co número 1059 do seu protocolo.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de 16 de decembro de 2021, acordou dar conta da fusión e da subrogación en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025).

Fundamentos de dereito

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. O artigo 98.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece que "Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo.
3. Neste contrato resulta que:
 - o Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que: "*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de*



Concello de Vigo

Goberno do Concello de Vigo e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato".

- No apartado 4.C das FEC figura: "*Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: 3, dun ano de duración cada unha*".
- Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2021
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que "*o pagamento farase efectivo con periodicidade anual tras a activación das correspondentes licenzas*"

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 27.458,61 €, dos cales 4.765,54 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2279902 (Mantemento Software)

3. A empresa adxudicataria, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio. Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de actualización, soporte e mantemento do xestor documental ALFRESCO. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "*En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*"

PROPOSTA

1. Autorizar a prórroga do contrato de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) polo período dun ano (do 08 de xullo de 2022 ao 07 de xullo de 2023) conforme o TRLCSP e o apartado 4.C das FEC do PCAP do contrato, á empresa **IZERTIS, S.A.**
2. Autorizar o gasto de 27458,61 euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Partida	Exercicio	IVE	Base	Importe total
9207.2279902 (Mantemento Software)	2022	4.765,54 €	22.693,07 €	27.458,61 €

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben,

directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(316).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18923/101.

Visto o informe xurídico do 27/04/2022 e o informe de fiscalización do 28/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/04/2022, asinado pola xefa da Unidade administrativa de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e en base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 18 de febreiro de 2022 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que dispón que se inicie expediente administrativo para a prestación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello.
- b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

A Alcaldía, como superior órgano de goberno desta administración municipal, desenvolve diferentes actuacións institucionais, ocupándose da organización das recepcións oficiais que se realizan en dependencias municipais por tratarse de actos institucionais, en concreto, por delegación de data 26.06.2019, a Concellería delegada da Área de Xestión municipal encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía.

O normal desenvolvemento destas atribucións de carácter protocolario implican a necesidade de contratación do subministro de flores para actos e eventos institucionais.



Concello de Vigo

A Concellería de Xestión Municipal, e en concreto a Alcaldía encargase da organización de recepcións e eventos de carácter institucional en representación do Concello de Vigo ao longo de todo o ano.

O presente contrato ten por obxecto a contratación por procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo. Neste contrato inclúense o subministro de flores (coroas, ramos ou centros), a manipulación e arranxos florais, o transporte dos mesmos aos lugares onde teña lugar o acto, evento ou celebración e a entrega.

Sendo as tipoloxías as seguintes:

- a) Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais.
- b) Centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais.
- c) Centros/ramos conmemorativos ou funerarios.
- d) Coroas conmemorativas ou funerarias.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada con data 18 de febreiro de 2022.
- Declaración de neutralidade da redactora do PPTP de data 21 de febreiro de 2022.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía con data 21 de febreiro de 2022.
- Memoria económica asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 21 de febreiro de 2022.
- Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 25 de abril de 2022.
- Prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25 de abril de 2022.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2022 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

Normativa de aplicación.

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Obxecto e natureza do contrato

O presente contrato ten por obxecto a contratación por procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo. Neste contrato inclúense o subministro de flores (coroas, ramos ou centros), a manipulación e arranxos florais, o transporte dos mesmos aos lugares onde teña lugar o acto, evento ou celebración e a entrega. Sendo as tipoloxías as seguintes:

- a) Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais.
- b) Centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais.
- c) Centros/ramos conmemorativos ou funerarios.
- d) Coroas conmemorativas ou funerarias.

En cumprimento do establecido no art. 99.3 da Lei 9/2017, determínase a realización por lotes das diversas tipoloxías de servizos, sendo o número de lotes CATRO:

Lote 1.- Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais.

Lote 2.- Centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais.

Lote 3.- Ramos/centros conmemorativos ou funerarios.

Lote 4.- Coroas conmemorativas ou funerarias.

Procedemento de adxudicación e forma de tramitación



Concello de Vigo

A contratación a realizar cualifícase como contrato de subministro de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 16 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto** (artigo 156 da Lei 9/2017) mediante múltiples criterios de adxudicación obxectivos en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

En canto a forma de tramitación será a ordinaria.

O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes: 03121100 - Plantas vivas, bulbos, raíces e esquexes; 03121200 - Flores cortadas; 03121210 - Arranxos florais.

Prezo do contrato

O orzamento máximo de licitación é de **14.493,38 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 10% de ive **1.317,58 €**

Prezo con ive: **14.493,38 €**

Prezo sen ive: **13.175,80**

Importe 10% ive: **1.317,58 €**

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial.

Prezos unitarios:

LOTE 1: Prezo unitario 52,70 € (ive incluído)

LOTE 2: Prezo unitario 1.054,06 € (ive incluído)

LOTE 3: Prezo unitario: 118,58 € (ive incluído)

LOTE 4: Prezo unitario 263,51 € (ive incluído)

Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato ascende a 52.703,20 euros. (anualidade máis tres anos de prorroga). No antedito importe están incluídos as porcentaxe s de beneficio industrial e os gastos xerais.

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía correspondente ao exercicio 2022, de acordo ás seguintes anualidades:

- Primeira e única anualidade: do 1 de xuño de 2022 ao 31 de maio de 2023
Ano 2022: 8.454,47 €
Ano 2023: 6.038,91 €
- 1º Prorroga: do 1 de xuño de 2023 ao 31 de maio de 2024.
Ano 2023: 8.454,47 €
Ano 2024: 6.038,91 €
- 2º Prorroga: do 1 de xuño de 2024 ao 31 de maio de 2025.
Ano 2024: 8.454,47 €
Ano 2025: 6.038,91 €
- 3º Prorroga: do 1 de xuño de 2025 ao 31 de maio de 2026.
Ano 2025: 8.454,47 €
Ano 2026: 6.038,91 €

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 21 de febreiro de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 25 de abril de 2122, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe de **14.493,38 €** ive engadido, sendo o importe correspondente ao 10% de ive **1.317,58 €** con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía correspondente ao exercicio 2022, e de acordo ás seguintes anualidades:

- Primeira e única anualidade: do 1 de xuño de 2022 ao 31 de maio de 2023
Ano 2022: 8.454,47 €
Ano 2023: 6.038,91 €



Concello de Vigo

- 1º Prorroga: do 1 de xuño de 2023 ao 31 de maio de 2024.
Ano 2023: 8.454,47 €
Ano 2024: 6.038,91 €
- 2º Prorroga: do 1 de xuño de 2024 ao 31 de maio de 2025.
Ano 2024: 8.454,47 €
Ano 2025: 6.038,91 €
- 3º Prorroga: do 1 de xuño de 2025 ao 31 de maio de 2026.
Ano 2025: 8.454,47 €
Ano 2026: 6.038,91 €

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(317).- TRANSFERENCIA Á ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE CORRESPONDENTE AO ANO 2022. EXPTE. 19006/101.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 02/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 21/04/2022, asinado pola xefa da Unidade administrativa de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Con data 10 de marzo de 2022, a Entidade Local Menor de Bembrive solicitou o pagamento por transferencia da anualidade correspondente ao ano 2022, de conformidade co consignado no vixente orzamento municipal aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 22 de decembro de 2021 por importe de 288.952,39 euros (documento nº 220050925) anexo a guía de tramitación do expediente no trámite nº 3.

O día 31 de decembro de 2021 expirou o convenio de colaboración que cunha vixencia de quince anos, o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive asinaron con data 18 de maio de 2007 polo que, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprometéase a incluír nos orzamentos municipais unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC. Así mesmo, o convenio recollía na cláusula segunda as obrigas da Entidade Local Menor en cumprimento do previsto no 164.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

O artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que a facenda das entidades locais menores estará constituída, entre outros, polos seguintes recursos: A participación nos impostos do Concello a que se refire a lexislación sobre facendas locais na contía que se estableza no Decreto de

Creación. Esta participación non será, en ningún caso, inferior ao 25 por 100 dos que se devenguen no ámbito territorial da Entidade.

Non hai constancia da existencia dun Decreto de Creación da Entidade Local Menor de Bembrive. Non obstante, consta a Acta de creación da Xunta Administrativa da Entidade Local Menor de Bembrive, asinada o 12 de xuño de 1945, e que achega no trámite nº 4 da guía deste expediente.

Faise constar que o antedito documento non recolle ningunha porcentaxe de participación nos impostos municipais aos que se refire a lexislación.

Xunto coa acta de creación foron achegados polo Alcalde Pedáneo da Entidade os seguintes documentos: Acta da sesión de constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive 2019-2023 do día 4 de xullo de 2019; certificación da composición da referida Xunta Veciñal; credenciais do Alcalde Pedáneo; o CIF da entidade e o DNI do Alcalde pedáneo e que se atopan anexados na guía de tramitación deste expediente cos nº 5, 6 e 7.

O vixente orzamento municipal dispón no programa 9420 (transferencias a Entidades Locais Territoriais) á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias a entidade local menor de Bembrive) dunha dotación de 288.952,39 euros.

En cumprimento do establecido no artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa finalidade de a Entidade Local Menor de Bembrive poida atender ao esixido no artigo 163 da citada Lei 5/1997 de 22 de xullo, con data 13 de abril de 2022 esta unidade administrativa da Alcaldía solicitou á Dirección de Ingresos, informe sobre os importes percibidos no exercicio 2021 correspondentes á Entidade Local menor de Bembrive.

Con data 18 de abril de 2022 a Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada achega o informe solicitado pola Alcaldía (tramite nº 16 do expediente), que inclúe o cálculo do 25% dos importes correspondentes aos impostos devengados pola Entidade Local Menor de Bembrive no exercicio 2021 e que ascenden a 288.729,37 € (trámite 16 da guía do expediente).

II.- Lexislación aplicable.

- Lei 5/1997 de 2 de xullo de Administración local de Galicia, artigos 163, 164.1.f) e 164.2
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido de Facendas Locais artigo 156 do

III.- Fundamentos técnicos.

Primeiro.- Solicitud de da Entidade Local Menor de Bembrive de pagamento por transferencia da anualidade correspondente ao ano 2022 (documento nº 220050925) anexado a guía de tramitación do expediente no trámite nº 3.

Segundo.- Finalización o día 31 de decembro de 2021 do convenio de colaboración que cunha vixencia de quince anos, o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive asinaron con data 18 de maio de 2007 polo que, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprometéase a incluír nos orzamentos municipais



Concello de Vigo

unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC. Así mesmo, o convenio recollía na cláusula segunda as obrigas da Entidade Local Menor.

Terceiro.- Vixente orzamento municipal que dispón no programa 9420 (transferencias a Entidades Locais Territoriais) á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias a entidade local menor de Bembrive) dunha dotación de 288.952,39 euros.

Cuarto.- Documentación achegada polo Alcalde Pedáneo da Entidade: Acta de creación da Xunta Administrativa da Entidade Local Menor de Bembrive, asinada o 12 de xuño de 1945; Acta da sesión de Constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive 2019-2023 do día 4 de xullo de 2019; certificación da composición da referida Xunta Veciñal; credenciais do Alcalde Pedáneo; o CIF da entidade e o DNI do Alcalde pedáneo.

Quinto.- Informe da Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada de data 18 de abril de 2022, solicitado pola Xefa Administrativa da Alcaldía en data 13 de abril que determina que o cálculo do 25% dos importes correspondentes aos impostos devengados pola Entidade Local Menor de Bembrive no exercicio 2021 ascenden a 288.729,37 €.

Sexto.- O importe da transferencia que ascende a 288.729,37 euros deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive).

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

“Autorizar unha transferencia por importe de 288.729,37 euros á favor da ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE en concepto de pagamento da anualidade 2022 con cargo á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(318).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025). EXPTE. 232409/301.

Visto o informe xurídico do 08/04/2022 e o informe de fiscalización do 25/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 7/04/2022, asinado polo xefe de Área de

Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) é unha organización privada de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, que ten como fin a promoción integral da comunidade xitana desde o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural constituída formalmente como “Fundación Secretariado General Gitano” en 2001, inscrita no *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales – Subdirección general de Fundaciones y entidades tuteladas* co nº 28-1223 o 28.12.2001.

I.2. A FSG consta inscrita no RUEPSS co nº E-1729 e clasificada como entidade de iniciativa social, figurando tamén inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 804-02.

A súa misión está orientada á promoción e ó cambio social para permitir o acceso das persoas xitanas ós dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións có resto da cidadanía.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, a FSG ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio á inclusión social e laboral do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade.

I.3. Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) para a execución de programas de inclusión socio-laboral dirixidos á poboación xitana de Vigo no periodo 2022-2025 (“PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”).

I.4. A situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. O emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión.

I.5. O “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO” ten como obxectivos mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana de Vigo, posibilitando o acceso á formación profesional e ó emprego. Preténdese, en concreto, no ano 2022, realizar accións formativas e chegar a 95 persoas formadas.

I.6. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.7. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de



Concello de Vigo

maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022-2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

I.9. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito na aplicación nº 2310.480.00.17 – *Fundación Secretariado Xitano*, por un importe de 16.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A subvención prevista para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (16.000€/ano) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.10. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) para os exercicios de 2022-2025.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO

GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 64.000€, a razón de 16.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2022, á aplicación nº 2310.480.00.17 (– “Fundación Secretariado Xitano”) do orzamento vixente, a favor da “Fundación Secretariado Gitano”, CIF nº G-83117374. A achega correspondente a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025).

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D^a. Eva Vero Ledo, con DNI nº 34.267.745-E, representante legal en Galicia da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG), CIF nº G-83117374, con domicilio social na rúa Ahijones, s/n de Madrid (CP 28018) e enderezo para os efectos de notificación na rúa Burgos nº 9 de Vigo (CP 36205).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019,



Concello de Vigo

de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D^a. Eva Vero Ledo, actuando en representación da FSG, segundo así resulta dos estatutos da Fundación e da documentación achegada, asegurando a comparecente a vixencia da mesma e que as facultades conferidas na escritura pública outorgada o 25.04.2019 perante a notaria de León Sra. Vázquez Arias, co nº 580 do seu protocolo, non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Fundación Secretariado Gitano” é unha organización privada de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, que ten como fin a promoción integral da comunidade xitana desde o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural constituída formalmente como “Fundación Secretariado General Gitano” en 2001, inscrita no *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales – Subdirección general de Fundaciones y entidades tuteladas* co nº 28-1223 o 28.12.2001.

A FSG consta inscrita no RUEPSS co nº E-1729 e clasificada como entidade de iniciativa social, figurando tamén inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 804-02.

II. Que a súa misión está orientada á promoción e ó cambio social para permitir o acceso das persoas xitanas ós dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións có resto da cidadanía.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, a FSG ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio á inclusión social e laboral do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade.

III.- Que a Concellería de Política de Benestar Social é coñecedora da problemática específica que presenta este colectivo para acadar a súa plena integración socio-laboral e da necesidade de seguir apoiando desde o Concello a execución daqueles proxectos que incidan positivamente na comunidade xitana.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2022 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.



Concello de Vigo

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) para a execución de “PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025).

SEGUNDA.- Para estes efectos, a FSG comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social no desenvolvemento dos servizos e actividades incluídas nese Programa, de acordo cos obxectivos e previsións que figuran na proposta presentada pola Fundación e que consta no expediente de referencia.

TERCEIRA.- A “Fundación Secretariado Gitano” comprométese, especificamente, a:

1. Poñer en marcha o “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”, co fin de mellorar as condicións de empregabilidade das persoas xitanas de Vigo e propiciar a súa inclusión social activa a través do emprego e desde un enfoque integrado. Os profesionais desenvolverán o seu traballo nun equipo multidisciplinar, no marco dun Proxecto cuxo obxectivo final é o acceso á formación profesional e o emprego da poboación gitana.

De acordo co proxecto presentado pola FSG, as principais actuacións por desenvolver serían as seguintes:

- Itinerarios personalizados de inserción laboral: solucións adaptadas a cada persoa e ó seu contexto.
- Mellora da cualificación como chave cara a igualdade de oportunidades.
- Intervención no mercado, intermediando con empresas para o achegamento da oferta e da demanda.
- Orientación a resultados, avaliación continua e innovación.
- Enfoque integrado.
- Activación e mobilización das persoas xitanas máis novas e das mulleres cara o mercado laboral.
- Propiciar un cambio de mentalidade: o valor de ter un emprego.
- A sensibilización social e a incidencia política.

2. Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria, de protección de datos de carácter persoal e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento dos servizos e as actividades previstas e aboar as taxas, impostos e demais gastos que poidan derivarse da súa execución.

4. Presentar nos prazos que establece o Convenio as Memorias xustificativa e económica e a demais documentación requirida.

5. Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A FSG poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 16.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 64.000€. O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.07 – “Fundación Secretariado Xitano”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

En todo caso, o financiamento municipal deste Programa farase sempre, en todas e cada unha das anualidades previstas, con cargo a fondos propios do Concello de Vigo e en ningún caso procederán de fondos europeos, a fin de garantir o principio de adicionalidade establecido polos Regulamentos que regulan os fondos estruturais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos



Concello de Vigo

gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2022-2025).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da FSG e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da



Concello de Vigo

subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración municipal, dou fe.

6(319).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ERGÚETE”, PARA O



Concello de Vigo

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADITIVAS 2022. EXPTE. 232688/301.

Visto o informe xurídico do 25/03/2022 e o informe de fiscalización do 26/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 24/03/2022, asinado polo xefe de CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. O obxecto deste Convenio é a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da “Comisión técnica de Prevención” do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2022».

I.2. Os obxectivos xerais deste Programa de prevención son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución.

I.3. A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas Fichas que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

I.4. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de 84.800€, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA 2019-2021*”) e á súa bolsa de vinculación.

I.5. O evidente interese social na implementación na nosa cidade dun programa anual de prevención en materia de drogodependencias en estreita colaboración coas entidades sociais mencionadas xustifica o outorgamento dunha subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccdtes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse documentalmente tales extremos na Memoria xustificativa e no propio Convenio (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 5.2, último pfo.).

I.6. O réxime de pagamentos previsto no Convenio é o seguinte:

- O primeiro 50% da achega anual (42.400€) aboarase á sinatura do Convenio.
- O segundo 50%, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización das actividades.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes (Vid. Cadro Base Oitava do Convenio).

I.7. Tal como se recolle no Convenio, para o caso de que durante a súa vixencia se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollese nunha

Addenda, na que tamén se incluíra a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

I.8. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, a Memoria xustificativa, a orde de inicio de expediente da Concelleira de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2022».

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 84.800€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA 2019-2021*”) e á súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2022»

En Vigo, na Casa do Concello, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra,

D. José Ignacio Jiménez Pereira, con DNI nº 35.999.806-E, Presidente da “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA”, CIF nº G-36624963, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Isaac Peral nº 8, CP 36201 de Vigo.

D^a María José Fontán Perez-Rial, con DNI nº 36.098.144-N, secretaria da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», con CIF nº G-27802818 e domicilio social na rúa Marín nº 1 (CP 36209).

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da Asociación de “ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas”, CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. José Ignacio Jiménez Pereira, actuando en representación da Asociación ALBORADA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea Xeral do 22.02.2022, asegurando a persoa comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. María José Fontán Perez-Rial, en nome e representación da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», expresamente facultada pola súa Xunta directiva para a subscripción deste Convenio segundo certificado expedido o 20.03.2022 que consta no Exp. nº 232925/301.

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación de “ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas”, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo asambleario do 19.06.2019, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira – Delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/as comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesarias para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, o Concello de Vigo pode promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da L.7/1985; LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1^a e 4^a L.5/2014).

II. A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas, recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

III. A PREVENCIÓN do consumo de drogas é o ámbito clave sobre o que se apoia a «Estratexia Nacional sobre Drogas», así como o «Plan de Trastornos Adictivos de Galicia». Considérase que a prevención é a ferramenta básica para evitar ou retrasar o inicio no consumo de drogas. A nivel xeral, os OBXECTIVOS fundamentais da PREVENCIÓN son:



Concello de Vigo

- 1) Promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas.
- 2) Potenciar o desenvolvemento integral das persoas.
- 3) Fomentar as capacidades e habilidades persoais que faciliten actitudes e comportamentos de rexeitamento diante da oferta de drogas.
- 4) Reducir a idade de inicio no consumo de drogas.
- 5) Ofrecer alternativas de vida e lecer saudables.

Recoñécense tres NIVEIS DE ACTUACIÓN a nivel preventivo:

- a) *Prevención universal*, que comprende accións dirixidas á poboación xeral independentemente do nivel de risco ó que estea sometida.
- b) *Prevención selectiva*, que abrangue as actuacións destinadas a unha poboación en situación de vulnerabilidade ou risco.
- c) *Prevención indicada*, dirixida de forma específica ás persoas que están sometidas a situacións de alto risco en relación co consumo de drogas ou que xa experimentaron con elas e presentan condutas problemáticas asociadas ó abuso das mesmas.

IV. A drogodependencia é un fenómeno social moi complexo, tendo en conta a diversidade de factores que inciden nel así como a gran cantidade de grupos de poboación que se ven afectados polo mesmo. Os programas e actuacións preventivas deben ter en conta unha serie de contextos ou elementos que son fundamentais para obter os mellores resultados. Desde esta perspectiva, é necesario facer fincapé na prevención en diferentes ÁMBITOS: escolar, familiar, xuvenil (lecer e tempo libre), laboral e comunitario.

V. O Concello de Vigo presta servizos sociosanitarios desde hai máis de 35 anos ás persoas drogodependentes a través da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e da Unidade de Día (UD) do “Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias” - CEDRO, desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social (promoción e reinserción social das persoas usuarias).

Conta tamén cun «Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións» (PLDA) no que se propoñen os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local. No ámbito da PREVENCIÓN e ó abeiro do PLDA leváronse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Campañas de sensibilización e información dirixidas á poboación xeral e ás familias sobre os riscos asociados ó consumo de substancias e outras condutas adictivas.
- Proxectos de prevención no ámbito educativo.
- Proxectos de prevención nos lugares de consumo de substancias ilegais e alcohol.
- Implicación dos axentes sociais en actividades de prevención laboral.
- Posta en marcha dun sistema de atención, información e asesoramento persoal a nivel comunitario.
- Desenvolvemento de accións formativas dirixidas a colectivos específicos en risco.

VI. O que se quere implementar agora pola Área de Benestar social - CEDRO, de forma planificada para o exercicio de 2022, son os diversos Programas de PREVENCIÓN de drogodependencias do

PLDA a través da colaboración concertada con entidades sociais participantes no Plan, formalizada nun convenio administrativo.

Todas elas son ONG que forman parte da súa “Comisión técnica de prevención”, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades.

VII. En concreto, as actividades programadas para impartir por parte de «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» durante 2022 serían as seguintes:

Ámbito Escolar:

- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- "Non pasa nada, ¿pasa algo?" (prevención selectiva)
- "Odisea" (prevención selectiva)

Ámbito familiar:

- "Máis que un teito" (prevención universal)

Ámbito xuvenil:

- "Activa" (prevención universal)

Ámbito comunitario:

- "Información/ sensibilización sobre drogas" (prevención universal)
- "Formación de mediadores/as sociais en prevención" (prevención universal)

Á marxe destas, impartiranse directamente polo equipo técnico do PLDA outros cursos e actividades relacionadas como son:

- "En familia todos contan" (prevención selectiva).
- "Entre todos" (prevención indicada).
- "Ao alcance" (prevención universal do consumo de drogas no ámbito laboral).

Durante a vixencia do Convenio os anteriores cursos/actividades, que se axustan ós do catálogo da Consellería de Sanidade, poderán ser obxecto de modificación ou substitución por outros/as semellantes en función dos resultados obtidos, de necesidades novas ou doutras circunstancias debidamente xustificadas.

VIII. O presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de formalizar os termos da colaboración para a execución deste programa municipal, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS



Concello de Vigo

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da “Comisión técnica de Prevención” do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2022».

SEGUNDA.- Os obxectivos xerais deste Programa de PREVENCIÓN son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución. Trátase tamén de aumentar as capacidades e habilidades persoais de resistencia á oferta de drogas e ós determinantes dos comportamentos problemáticos relacionados coas mesmas mediante a aplicación de programas acreditados de prevención universal, selectiva e indicada nos ámbitos familiar, educativo e extraescolar, mellorando a capacitación dos axentes implicados, especialmente no desenvolvemento de factores de protección fronte ó consumo de drogas, a detección precoz e a abordaxe dos primeiros consumos.

TERCEIRA.- A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas FICHAS que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

CUARTA.- As entidades sociais colaboradoras comprométense a:

6. Que as actividades sexan impartidas por técnicos/as especialistas en PREVENCIÓN de drogodependencias. Poderán contratar a cantas persoas crean adecuadas para a correcta execución das actividades, suxeitándose ás condicións laborais aplicables.

7. Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

8. Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de PREVENCIÓN que leven a cabo. A achega municipal será de 84.800 € e poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA 2019-2021*”) e á súa bolsa de vinculación.

SEXTA.- O Concello de Vigo non asume ningún outro compromiso distinto dos recollidos expresamente neste convenio. O persoal adscrito polas entidades participantes á súa execución en ningún caso terá vinculación xurídico-laboral con esta Administración.

SÉTIMA.- Para o caso de que durante a vixencia do Convenio se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollese nunha Addenda, na que tamén se incluírá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

OITAVA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- O primeiro 50% da achega anual (42.400€) aboarase á sinatura do Convenio.
- O segundo 50%, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización das actividades. En todo caso a xustificación presentarase antes do 1 de novembro de 2022.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes. Deste xeito, as cantidades correspondentes ó 50% de cada pagamento quedan do seguinte xeito:

ENTIDADE	PROGRAMA	N.º OBRA- DOIS ESTIMADOS	CUSTO UNITARIO	IMPOR- TE TOTAL	ENTIDADE 50%
AMAINA-ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-2º ESO”	63	300€	18.900€	AMAINA-ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE
	“ACTIVA”	1	900€	900€	
				19.800€	9.900€
ÉRGUETE-ASOCIACIÓN DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS	“INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN- 6º EDUCACIÓN PRIMARIA”	45	300€	13.500€	ÉRGUETE-ASOCIACIÓN DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS
	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-1º ESO”	35	300€	10.500€	
	“MÁS QUE UN TEITO”	28	125€	3.500€	
	“FORMACIÓN DE MEDIADORES SOCIAIS EN PREVENCIÓN”	4	900€	3.600€	
	“INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN EN CLUBES DEPORTIVOS”	12	125€	1.500€	
ALBORADA-ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-3º ESO”	44	300 €	13.200€	ALBORADA-ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA



Concello de Vigo

ENTIDADE	PROGRAMA	N.º OBRA- DOIS ESTIMADOS	CUSTO UNITARIO	IMPOR- TE TOTAL	ENTIDADE 50%
	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-4º ESO”	35	300 €	10.500€	
	“ODISEA”	29	300 €	8.700€	
				32.400€	16.200€
IMPORTE ANUAL CONVENIO				84.800€	(50%) 42.400€

NOVENA.- De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que as entidades presenten previamente unha declaración responsable de non están incursas en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

DÉCIMA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, as beneficiarias deberán comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o custo total das actividades subvencionadas resultase ser menor que o contemplado para a concesión das subvencións ou se reducen na execución das actividades subvencionadas as actuacións ou elementos previstos como integrantes das mesmas, procederá a redución das subvencións na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- As entidades están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas (Art. 14.2 LPACAP) e deberán presentar a través da sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>), por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela, unha Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, que incluírá a relación detallada das actividades impartidas por cada unha delas, debidamente asinada pola persoa responsable do Centro nas que se realizaron, segundo o modelo que se lles facilitará.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo do anterior, a axeitada xustificación das subvencións, a realización das actividades subvencionadas e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será

comprobada sempre polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social (CEDRO-PLDA). O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, de ser o caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida as actividades subvencionadas.

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento das subvencións, as beneficiarias deberán acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedoras por resolución de procedencia de reintegro, o que poderán realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- As beneficiarias deberán facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa das actividades subvencionadas, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro das subvencións na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso das subvencións sobre o custo da actividades subvencionadas.

DÉCIMO OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes e surtirá efectos desde o 01.01.2022. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h] e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será dun (1) ano.

DÉCIMO NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

VIXÉSIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Como mecanismo de coordinación e, de ser o caso, de solución de eventuais controversias, créase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas propios do convenio. Estará composta por un representante de cada entidade social e un número igual de técnicos municipais da Área de Benestar Social – CEDRO e presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área. Establecerá de común acordo as súas normas de funcionamento e corresponderánlle, entre outras, as seguintes funcións:

- 1) Velar polo correcto desenvolvemento do programa de prevención e as necesidades que poidan xurdir na implementación do mesmo.



Concello de Vigo

- 2) Avaliar o cumprimento dos obxectivos propostos e, en xeral, da colaboración establecida.
- 3) Resolver as cuestións e controversias que poidan xurdir na execución do convenio.

Sen prexuízo da intervención previa desa Comisión mixta de Seguimento, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as beneficiarias da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- Para o caso de que as entidades participantes realicen algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberán dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e da Consellería de Sanidade.

VIXÉSIMO CUARTA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades beneficiarias e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO QUINTA.- A concesión das subvencións obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por cuadruplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

7(320).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD-HOGAR S.JOSÉ PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2022-2025). EXPTE. 233139/301.

Visto o informe xurídico do 11/04/2022 e o informe de fiscalización do 27/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/04/2022, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

II. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social “La Esperanza”, que ofrece, ademais de comedor a mediodía, servizo de duchas e un roupeiro para homes e mulleres.

III. Rematada a vixencia do anterior Convenio 2019-2021, aprobado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 03.05.2019 (Exp. núms. 180811/301 e 180812/301), asinado polas partes o 14.05.2019 e modificado nos termos da *Addenda* aprobada polo mesmo órgano o 03.09.2020 (Exp. n.º 203646/301), estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2022 a 2025, a fin de garantir un marco máis estable que permita unha mellor prestación deste servizo de atención ás persoas.

IV. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “*FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ*” (54.750€). As subvencións previstas para os exercicios posteriores de 2023, 2024 e 2025 (outros 54.750€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

V. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VI. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e*



Concello de Vigo

das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

VII. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».*

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2023, 2024 e 2025.

Visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración para os anos 2022, 2023, 2024 e 2025 entre a Concellería de Política de Benestar Social e a “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José” (CIF 36626174) para o sostemento do comedor social “La Esperanza” e a unidade de hixiene asociada; recursos complementarios dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación e hixiene de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 219.000€, a razón de 54.750€/ano, con cargo no exercicio de 2022 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE

CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2022 – 2025)».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D^a M^a del Carmen Cornejo-Molíns González, con DNI nº 35.997.870-H, Presidenta do Patronato da “Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José”, con enderezo para os efectos de notificación na rúa S. Francisco nº 69 de Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D^a M^a del Carmen Cornejo-Molíns González, actuando en representación da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» (CIF G-36626174), segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» ten entre os seus obxectivos a atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social, desde o principio da autodeterminación e a promoción persoal e social. Adícase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión social que residen, temporal ou permanentemente, en Vigo, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este.

II.- Que o “Comedor de la Esperanza” e a súa unidade de hixiene, dependentes da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José», constitúen un equipamento propio dos servizos sociais de atención primaria da cidade, sendo esta Fundación unha entidade sen ánimo de lucro que ven asistindo ás



Concello de Vigo

persoas en estado de necesidade desde hai moitos anos en colaboración cos servizos sociais municipais.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementario dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

IV.- Que de acordo co disposto no Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» resíndese na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia

social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2022, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» para o sostemento do comedor social “Comedor de la Esperanza” situado na rúa S. Francisco nº 69, que conta cunha unidade de hixiene asociada.

SEGUNDA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:

1º) Xestionar o funcionamento dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención e de hixiene persoal, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa, étnica ou doutra clase. Ó comedor poderán acudir as persoas directamente ou derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello.

2º) Atender no comedor social ás persoas derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello de Vigo.

3º) Ofrecer, a través dos citados equipamentos, un servizo de almorzo ou xantar para persoas con necesidades de alimentación e un servizo de duchas e roupeiro que cubra as súas necesidades básicas de hixiene, roupa e calzado.



Concello de Vigo

4º) Realizar, ó longo de cada exercicio, unha actividade convivencial dun día de duración, fóra do Concello, para o que utilizarán un medio de transporte.

5º) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» unha subvención para cada un dos exercicios de (2022-2025) por importe máximo de 54.750€/ano; en total, polo periodo de vixencia do convenio: 219.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase a aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “*FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Fundación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1€/menú; o que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais.

A Concellería de Política de Benestar Social propónse aplicar paulatinamente este mesmo criterio obxectivo de cofinanciamento municipal ós demais convenios subscritos coas entidades titulares doutros comedores sociais da cidade e que contan tamén con subvención do Concello de Vigo.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento

do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. Para xustificar o gasto correspondente ós meses de outubro, novembro e decembro tomarase como referencia o do mes de setembro. De existir diferencias co gasto real executado, estas serán obxecto de reaxuste no primeiro trimestre da seguinte anualidade.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por



Concello de Vigo

cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 1 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VISÉXIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VISÉXIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración municipal, dou fe.

8(321).- PROPOSTA PARA A APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DUNHA “ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PÚBLICO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS”. EXPTE. 12723/255.

Dáse conta do informe-proposta do 26/04/2022, asinado polo encargado do Servizo de Cemiterios, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e Sanidade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

I.1.- O encargado do Servizo de Cemiterios e o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo emite informe xustificativo sobre a necesidade de iniciar o procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha ordenanza específica de cemiterios, co obxecto de abordar os cambios producidos na regulación de sanidade-mortuoria, nos seguintes termos:

“O artigo 140 da Constitución Española garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. A concreción do alcance e contido desa garantía institucional da autonomía local foi efectuado pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que en materia de sanidade determina:

- Artigo 25.2.k) materias de competencia municipal sobre as que os concellos han de intervir, “*cemiterios e actividades funerarias*”.
- Artigo 26 servizos mínimos de prestación obri ORDENANZA REGULADORA DOS SERVIZOS PÚBLICOS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS gatoria “*en tódolos municipios, cemiterios...*”

O artigo 148.1.21 da Constitución Española establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en materia de sanidade e hixiene. Neste senso, o artigo 33.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.



Concello de Vigo

Asemade, o artigo 42.3.e) da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece que os concellos sen prexuízo das competencias das demais Administracións públicas, terán unha serie de responsabilidades mínimas en relación co obrigado cumprimento de normas e plans sanitarios, e en particular “control sanitario dos cemiterios e policía sanitaria mortuoria”.

Por outra parte, a transposición e aplicación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, xustifican a necesidade de abordar cambios na regulación da sanidade mortuoria. Cómpre ter en conta a relevancia das entidades locais, como administracións provedoras dos servizos públicos primarios á poboación, entre os cales se atopan os servizos mortuorios.

O antecedente inmediato a esta Ordenanza se limita ao Regulamento de cemiterios aprobado en Sesión Plenaria do 30 de xuño de 1961, que establece as condicións as que haberán de axustarse os enterramentos e transmisións de propiedades nos cemiterios municipais de Vigo. Este Regulamento quedou obsoleto polo transcurso do tempo e pola produción normativa sectorial ditada en desenrolo dos principios constitucionais.

Por tal motivo, a modificación normativa esixe unha adaptación ós principios constitucionalmente recoñecidos, tales como o principio de igualdade (art. 14); o principio de aconfesionalidade do Estado (art. 16.3); ou o principio de liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a ORDENANZA REGULADORA DOS SERVIZOS PÚBLICOS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS necesaria para o mantemento do orde público protexido pola Lei, recoñecido no artigo 16.1 da Constitución Española.

En concreto, a obsolescencia do Regulamento de cemiterios se observa na ausencia de regulación do servizo de incineración. Non está adaptado á normativa en materia de concesións administrativas, constitución do dereito funerario e contratación das administracións públicas. Omite toda referencia ás inscricións nos Libros Rexistro.

En tal sentido, o Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais establece:

Artigo 4. “Son bens de servizo público os destinados directamente ao cumprimento de fins públicos de responsabilidade das Entidades Locais, tales como cemiterios...”

Artigo 75.2º. “Na utilización de bens de dominio público se considerará uso privativo, o constituído pola ocupación dunha porción de dominio público, de modo que limite a utilización dos demais interesados” e consonte o art. 78.1.a) “estarán suxeitos a concesión administrativa”.

Artigo 80. En toda concesión sobre bens de dominio público se fixarán as cláusulas con arranxo as que se outorguen e sen prexuízo das que se xulgen convenientes, constarán estas:

<< (1º) obxecto da concesión e límites..., (3º) prazo de utilización..., (4º) deberes e facultades do concesionario..., (8º) obrigación de manter en bo estado a porción de

dominio público utilizado..., (9º) reversión..., (10º) facultades da corporación de deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento...>>.

En idéntico sentido a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, establece no artigo 84 a necesidade de título habilitante.

1. Ninguén pode, sen título que o autorice outorgado pola autoridade competente, ocupar bens de dominio público ou utilizalos en forma que exceda o seu dereito de uso...

2. As autoridades responsables da tutela e defensa do dominio público vixiarán o cumprimento do establecido no apartado anterior e, no seu caso, actuarán contra os que carecendo de título, ocupen bens de dominio público ou se beneficien dun aproveitamento especial sobre eles, a cuio fin exercitarán as facultades e prerrogativas previstas no artigo 41 desta lei.

Por outra parte, o Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, prevé a levanza dun Libro oficial de Rexistros. Artigo 36.5 As entidades propietarias de cemiterios... disporán dun libro oficial de rexistro e están obrigadas a inscribir cada servizo que presten nos libros oficiais, cubrindo na súa totalidade os datos especificados en cada un dos seus apartados, que consonte o art. 37 poderán ser substituídos por follas en soporte informático.

As modificacións normativas en materia sanitaria-mortuoria complementan de forma esencial a regulación sobre cemiterios, polo que se precisa a aprobación dunha disposición de carácter xeral, ordenanza, co obxecto de homoxeneizar o réxime xurídico administrativo dos cemiterios. Convén destacar a evolución da sociedade en xeral e do sector funerario en especial, de aí que o desenvolvemento comprenda non só os aspectos de sanidade-mortuoria senón tamén os vinculados á protección de medio ambiente e do urbanismo”.

I.2.- A concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en virtude da delegación de competencias do alcalde nos concelleiros delegados de Área de data 4 de setembro de 2020, modificada por outra do 16 de abril de 2021, en data 26/04/2022 acordou o inicio do procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha Ordenanza reguladora dos servizos públicos nos cemiterios municipais.

I.3.- O Plan Anual Normativo do Concello de Vigo para o ano 2022 inclúe a elaboración desta Ordenanza.

I.4.- A elaboración e aprobación de dita Ordenanza require a realización dunha consulta pública previa.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei



Concello de Vigo

5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen expresamente a potestade regulamentaria aos municipios. Pola súa parte, o artigo 128 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria dos órganos de goberno locais.

Segundo.- A competencia, necesidade e idoneidade dunha Ordenanza reguladora dos servizos públicos nos cemiterios municipais, está xustificada no informe do encargado do Servizo de Cemiterios e do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, que se transcribe nos antecedentes deste informe.

Terceiro.- En relación coa tramitación dos anteproxectos de lei ou de regulamento debe considerarse o disposto na LPACAP que regula no seu artigo 133 *“Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos”*. En concreto, no seu apartado 1º dispón:

“Con carácter previo á elaboración do proxecto o anteproxecto de lei o de regulamento, sustanciarase unha consulta pública, a través do portal WEB da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.*
- c) Os obxectivos da norma.*
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”*

Cuarto.- Polo exposto, ao abeiro do artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP para a redacción, tramitación e aprobación dunha Ordenanza reguladora do servizo público dos cemiterios municipais co obxecto de harmonizar os cambios producidos na regulación de sanidade-mortuoria, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para apertura do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ás concellerías delegadas das áreas de goberno municipal con atribucións na materia e dar publicidade deste a través da Intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

ANEXO I.- CONSULTA PÚBLICA

Antecedentes

En cumprimento do artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e con carácter previo á elaboración dunha Ordenanza reguladora do servizo público dos cemiterios municipais, sustanciarase consulta pública a través do portal Web deste concello para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca dos apartados seguintes:

A) Problemas que se pretenden solucionar coa norma

A evolución da sociedade en xeral e do sector funerario en particular, incidiu nas técnicas e costumes sociais que acaban por plantear unha nova problemática en materia sanitaria-mortuoria, que precisa dunha disposición de carácter xeral que atenda á regulación dos servizos públicos nos cemiterios, tendo en conta aspectos vinculados á protección do medio ambiente e do urbanismo.

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

A xestión do Servizo Municipal de Cemiterios comprende tódolos supostos, actuacións e prestacións que, con carácter enunciativo e non limitativo, se indican a continuación:

- a) Administración dos cemiterios municipais e coidado do seu orde e policía.
- b) Inhumacións, exhumacións, traslado e redución de restos cadavéricos e en xeral, tódalas actividades que se realizan dentro do recinto do cemiterio municipal.
- c) Realización de obras, servizos e traballos necesarios para a conservación, mantemento e limpeza dos cemiterios municipais, en particular, dos seus elementos urbanísticos, xardinaría, edificios e instalacións, así como o seu apropiado funcionamento.
- d) Autorización, fiscalización técnica, e aprobación de proxectos e licenzas de obras de construción, reforma, ampliación e conservación de unidades de enterramento ou de servizos complementarios.
- e) Concesións, recoñecemento e modificación do dereito funerario.
- f) Levanza dos libros Rexistro.

En base ás actuacións e prestacións que se realizan no Servizos de Cemiterios, resulta necesario e oportuno implantar unha ordenanza municipal que regule as materias citadas e estableza as necesidades e condicións ás que haberán de axustarse os enterramentos e transmisións de unidades de enterramento nos cemiterios municipais do Concello de Vigo, tendo en conta aspectos vinculados á protección do medio ambiente e do urbanismo.

A modificación normativa esixe unha adaptación ós principios constitucionais tales como o de aconfesionalidade do Estado, liberdade ideolóxica e relixiosa e ademáis, require atender á normativa sectorial en materia sanitaria-mortuoria para harmonizar o réxime xurídico administrativo.

C) Obxectivo da norma

Redactar unha norma específica que regule tódalas actuacións directamente relacionadas coa organización e prestación de servizo nos cemiterios de titularidade municipal, administración e réxime interior, dereito funerario (titularidade, transmisión, modificación e



Concello de Vigo

extinción), actuacións en unidades de enterramento (inhumacións, exhumacións, traslados e incineracións), construcións funerarias (licenzas, reforma), bens singulares ou de especial protección, normas urbanísticas e vixianza da saúde pública.

O obxectivo principal que persigue a norma é establecer as condicións xerais para a convivencia da cidadanía e establecer unha regulación xeral para tódolos cemiterios sen prexuízo da normativa sectorial existente na materia, neste senso se persigue unha adaptación os principios constitucionais e unha harmonización do réxime xurídico administrativo.

D) Posibles solucións alternativas

A ordenanza plantéase como unha solución regulatoria de carácter xeral específica de cemiterios e con capacidade de establecer medidas, infraccións e sancións en materia sanitaria-mortuoria.

Esta modificación normativa require a harmonización do réxime xurídico administrativo, tendo en conta a produción normativa sectorial ditada en desenrolo dos principios constitucionais e que teña en conta aspectos vinculados á protección do medio ambiente e do urbanismo.

Non se consideran outras posibles alternativas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(322).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL” EXPTE. 1136/441.

Visto o informe de fiscalización do 29/04/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 28/04/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do “Novo parque de bombeiros e protección civil” (1.136-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do “Novo parque de bombeiros e protección civil” (1.136-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”, redactado polos Arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.993.738,31 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23/12/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS NOVECIENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.993.738,31 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 519.574,42 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1360.622.00.00 (1a ANUALIDADE, NOVO PARQUE DE BOMBEROS).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	1.300.000,00 €
2023	1.693.738,31 €
TOTAL	2.993.738,31 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 130,29 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.



Concello de Vigo

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 7 de abril de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 2 e 4 de abril de 2022 polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a enxeñeira industrial do Programa Next Generation-UE:

1. PROYECON GALICIA, S.A.
2. UTE CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS REHABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do “Novo parque de bombeiros e protección civil” (1.136-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ORECO, S.A.U.	97,95
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EMERGIS CONSTRUCCIÓN S.L.	94,58
3	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	93,88
4	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	93,33
5	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	89,68
6	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	83,80

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A.U. (A-36.614.691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGÓN, S.A.U., o día 8 de abril de 2022, que presenta a documentación requirida o 20 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de abril de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGÓN, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO BALGÓN, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 8 de marzo e 4 de abril de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións adoptadas por resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 7 de abril de 2022, dos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 2 e 4 de abril de 2022 polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a enxeñeira industrial do Programa Next Generation-UE:*
 - PROYECON GALICIA, S.A.
 - UTE CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS REHABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA



Concello de Vigo

2. *Adxudicar a ORECO BALGÓN, S.A.U. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras do “Novo parque de bombeiros e protección civil” (1.136-441) por un prezo total de 2.724.900,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 472.916,63 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(323).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA “VIGO EN INGLÉS 2021-2022” . EXPTE. 6761/241.

Visto o informe de fiscalización do 29/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 28/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola letrada xefa de Asesoramento da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa “VIGO EN INGLÉS 2021-2022” (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa “VIGO EN INGLÉS 2021-2022” (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2021-2022”.

Segundo.- O 2 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local adoptou a seguinte resolución:

“Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L., o procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2021-2022” (expte. 25031-332) por un prezo total de 4.440.000.-€ e cun prezo unitario por alumno de 2.400.-€”.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 25 de setembro de 2021 por un prazo de 2 anos, iniciándose a prestación o 1 de novembro. Contempláronse 2 prórrogas, dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- En data 20 de abril de 2022 NEW LINK EDUCATION, S.L., presentou no Rexistro Xeral deste Concello unha proposta de modificación do contrato (nº de documento 220078425), motivada polo incremento de solicitudes de alumnos para optar as becas no ano en curso, que supera o número de prazas ofertadas para esta anualidade.

Quinto.- En data 24 de abril de 2022, o técnico do servizo de Educación responsable deste contrato informa sobre a conveniencia da modificación proposta e envía o expediente ao servizo de Contratación para a súa tramitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.



Concello de Vigo

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 15.B da FEC):

- Que a demanda de prazas para o programa supere o número de prazas ofertadas en cada convocatoria anual.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 15.C da FEC):

- Incremento do número total de alumnos/as beneficiarios/as.

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

No PCAP fíxanse as seguintes especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación (apartado 15.E da FEC):

- A modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso, incrementando o número de alumnos/as desa edición anual e non nas restantes anualidades.

O técnico do servizo de Educación, no informe citado no antecedente quinto, xustifica a modificación na finalidade de *“atender á importante demanda e listaxes de agarda de alumnado solicitante que se produciron no programa “Vigo en Inglés”, e para tentar paliar este aspecto, aumentar en 370 prazas o número de prazas dispoñibles no citado programa municipal para esta edición 2021-2022, na procura de tentar garantir o desfrute da praza de todo aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos da convocatoria”*.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. No entanto, non resulta necesario evacuar trámite de audiencia ao contratista, por canto o mesmo presentou, a instancia do responsable do contrato, unha memoria da modificación, en data 20 de abril de 2022, da que se infire a súa conformidade coa mesma.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público incrementar as prazas de alumnos para promover a aprendizaxe e o perfeccionamento no uso da lingua inglesa do alumnado de secundaria matriculado en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos, que se encadra nas competencias municipais relativas á promoción da cultura e promoción turística recollidas no artigos 25.2.m e h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia. E así xustifícase no informe do técnico do servizo de Educación, de data 24 de abril de 2022, que di que:

“



Concello de Vigo

- Nun mundo globalizado como o actual, está fóra de toda dúbida a vital importancia da formación en idiomas estranxeiros, sendo a competencia en lingua inglesa do alumnado vigués manifestamente mellorable. O programa municipal “Vigo en Inglés 2021-2022” mellora o coñecemento e a práctica da lingua inglesa da poboación estudiantil de Vigo, constituíndo un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global. É dicir, prepara aos nosos estudantes para os desafíos dunha mobilidade internacional no mercado de traballo, satisfacendo a necesidade dunha sociedade plurilingüe e tentando evitar os perigos que pudiera ocasionar a marxinación daquel alumnado que non posúa as destrezas necesarias para ter a maior fluidez, manexo e dominio da lingua inglesa.
- A Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE) publicada no BOE nº 340 do 30/12/2020, nos seus artigos 25 e 26 recolle nos principios pedagóxicos que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorízase a comprensión e expresión oral.
- Por elo, esta acción municipal permite mellorar significativamente a aprendizaxe e competencia en lingua inglesa do alumnado da nosa cidade, ao favorecer a súa integración completa nun ámbito internacional (High School, familia de acollida inglesa e localidade de fala inglesa) durante unha estadía prolongada, sendo este tempo de exposición do alumno/a á lingua inglesa un medio ideal para a súa aprendizaxe práctica en contextos reais 24 horas ao día, perfeccionando as habilidades comunicativas de comprensión e expresión oral na lingua inglesa. En consecuencia estas estadias lingüísticas de 3 semanas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda no marco do programa municipal “VIGO EN INGLÉS 2021-2022”, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma.
- Para o alumnado vigués participante esta mellora da competencia en lingua inglesa, facilita o acceso a posteriores estudos universitarios en campus europeos e posibilita máis saídas profesionais, especialmente en empregos con proxección internacional.
- Con esta iniciativa formativo-lingüística municipal, o Concello de Vigo dende hai varios anos, ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas; dado que o coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira amósase como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.
- O programa “Vigo en Inglés 2021-2022” estimula no alumnado participante unha educación plurilingüe e intercultural, mediante a inmersión e práctica da lingua inglesa e a súa utilización en entornos comunicativos reais, sendo esta formación lingüística complementada con actividades non so académicas, senon de índole cultural, deportivo, tempo libre, obradoiros, coñecemento aspectos socioculturais... cuxa finalidade é promover a convivencia e comunicación co alumnado inglés. Polo tanto, comunicación práctica, integración e interculturalidade son aspectos básicos que promove este programa municipal, que sen dúbida algunha facilitará a construción e

desenvolvemento colectivo dunha sociedade mais xusta e equitativa que evoluciona e progresa na igualdade de oportunidades e respecto e comprensión doutras culturas.

(...)

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.*
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

Igualmente, segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar en período lectivo nun High School (VIGO EN INGLÉS 2021-2022), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.

Elo ten permitido converter aos alumnos/as beneficiarios/as de 3º, 4º da ESO e BACH dos centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitores e alumnos/as participantes no programa "VIGO EN INGLÉS 2021-2022" estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos High Schools, ás familias de acollida en destino e autoridades locais, distinto soporte documental específico (pósters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Neste senso, e seguindo instrucións do Concelleiro de Educación, redáctase o presente informe para a modificación do actual contrato en vigor de "Vigo en Inglés 2021-2022" (expte. 25031-332) , que implica un incremento económico do 20% sobre o prezo do contrato (2.220.000.-€ X 2 anos contrato = 4.440.000.-€), é dicir de 888.000.-€ e o aumento na oferta da convocatoria de 370 prazas máis (370 x 2.400,00.-€ custo/alumno), todo elo coa finalidade de tentar dar resposta á elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal "Vigo en Inglés 2021-2022".

Cómpre indicar que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 11/11/2021 aprobou as "Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa "Vigo en Inglés 2021-2022" dirixidas ao alumnado de 3º e 4º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos" (expte 25507/332).



Concello de Vigo

Por outra banda, tamén cómpre suliñar que se aprobou polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o 30 de marzo de 2022, a aprobación definitiva do expediente de modificación orzamentaria n.º 12/2022, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito reflectido no expte. 74/142, que posibilitou a transferencia de crédito de 1.228.893.-€ á partida 3260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais”, partida esta última que neste intre ten un saldo positivo e suficiente para atender a indicada modificación do contrato.

Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9917 Programa Educativo Aulas Internacionais e bolsa de vinculación.

Este incremento de gastos na partida de Aulas Internacionais é explícitamente para atender á importante demanda e listaxes de agarda de alumnado solicitante que se produciron no programa “Vigo en Inglés”, e para tentar paliar este aspecto, aumentar en 370 prazas o número de prazas dispoñibles no citado programa municipal para esta edición 2021-2022, na procura de tentar garantir o desfrute da praza de todo aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos da convocatoria.

O contrato en vigor do programa municipal “Vigo en Inglés 2021-2022” (expte. 25031-332), posibilita concretar una oferta inicial na convocatoria 2021-2022 de 925 prazas, e polo tanto, trasládase a “Newlink Education, S.L”, a posibilidade de tramitar un incremento económico dun 20% do contrato vixente en 888.000.-€ para aumentar en 370 o número de prazas que se ofertan, o que implicará chegar a un total máximo de 1.295 prazas dispoñibles na convocatoria do 2021-2022.

Con este propósito, e á instancia do requerido por parte de este Servizo Municipal de Educación, a empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L”, achega ao presente expediente a través do rexistro electrónico municipal en data 20/04/2022 co código de solicitude W684501-7606 e co nº de doc 220078425 proposta técnica revisada para a modificación do contrato, que se corresponde principalmente co incremento económico solicitado polo Concello, e no que manifesta a súa conformidade para atender de forma satisfactoria na edición “Vigo en Inglés 2021-2022” este incremento de 370 beneficiarios/as nas mesmas condicións contractuais respecto do programa orixinal para os 925 alumnos/as beneficiarios/as da edición 2021-2022.

O incremento de 370 prazas máis para a participación de alumnado beneficiario na edición de VIGO EN INGLÉS 2021-2022, segundo desglose da aplicación do custe unitario por alumno ás novas 370 prazas, refírese exclusivamente ao aumento de 925 a 1.295 alumnos beneficiarios/as e se inclúe nas páxinas 446 á 447 da citada proposta técnica revisada.

En base ao exposto estímase necesario modificar o contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística “VIGO EN INGLES 2021-2022” (expte. 25031-332), co incremento de 370 prazas no programa que pasarán de 925 a 1295 alumnos beneficiarios/as, o que supón un incremento de gasto de 888.000,00.-€, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais” e bolsa de vinculación, sendo o prezo total actualizado do contrato para 2022 de 3.108.000,00.-€”

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizo é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se

desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 888.000 euros no exercicio 2022, e imputaranse á aplicación orzamentaria 3260.227.99.17 "Programa Educativo Aulas Internacionais" e bolsa de vinculación.

Por outra banda é preciso resaltar que esta modificación atopase dentro do límite fixado no apartado 15.D da FEC, que é do 20% do prezo do contrato. Tal e como indica o informe citado *"implica un incremento económico do 20% sobre o prezo do contrato (2.220.000.-€ X 2 anos contrato = 4.440.000.-€) e o aumento na oferta da convocatoria de 370 prazas máis (370 x 2.400,00.-€ custo/alumno)"*.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do "5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE", o licitador deberá incrementar a garantía depositada para que cubra este importe tras a modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións



Concello de Vigo

públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Modificar o contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "VIGO EN INGLES 2021-2022" (expediente 25031-332), co incremento de 370 prazas no programa que pasarán de 925 a 1295 alumnos beneficiarios/as, conforme ao proxecto técnico revisado presentado pola empresa adxudicataria "Newlink Education, S.L." en data 20 de abril de 2022, que obra no expediente.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 888.000 euros, que aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.99.17 "Programa Educativo Aulas Internacionais" e bolsa de vinculación. Esta modificación representa un 20% do prezo do contrato, sendo o prezo total actualizado do contrato para 2022 de 3.108.000,00 euros.

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato, "Newlink Education, S.L." deberá reaxustar a garantía definitiva.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(324).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL "VIGO EN INGLES 2018". EXPTE. 6774/241.

Visto o informe de fiscalización do 02/05/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola letrada xefa de Asesoramento da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2018” (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2018” (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 7 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2018” .

Segundo.- O 17 de xaneiro de 2018 a Xunta de Goberno local adoptou a seguinte resolución:

“Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.704.465,00 euros, sendo o prezo unitario por alumno de 2.319,00 euros.
- b) Propón un incremento de 15 alumnos a maiores dos 735 contemplados no punto 4.1 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas particulares (PPT).



Concello de Vigo

- c) Propón un incremento de 6 monitores/as por enriba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do PPT.
- d) Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas (MCER) do 100%
- e) Comprométese a achegar as seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento da lingua inglesa:
 - Propón un incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento en lingua inglesa a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.
 - Propón unha redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 13 de febreiro de 2018 por un prazo de 2 anos, iniciándose a prestación o 14 de febreiro. Contempláronse 2 prórrogas, a primeira dun ano de duración e a segunda de 9 meses, debendo finalizar o contrato o día 31 de decembro de 2021.

Cuarto.- En data 17 de abril de 2019, a XGL acordou modificar este contrato co obxecto de incrementar en 147 o número de alumnos beneficiarios. Esta modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 340.893 euros que representa un 10% do prezo primitivo do contrato (expediente 6312-241).

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 27 de decembro de 2019, aprobou a 1ª prórroga do contrato por un ano de duración, para o período comprendido entre o 14/02/2020 e o 13/02/2021.

Sexto.- En data 8 de outubro de 2020, a XGL declarou a imposibilidade de execución do contrato por mor da crise sanitaria xerada polo COVID-2019, e aprobou a ampliación do prazo de execución. Así acordou:

“1º.- Recoñecer a imposibilidade de execución do contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2020” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, ampliar o prazo execución do contrato por un período igual ó tempo perdido polos motivos mencionados, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan esta imposibilidade e acredite que está en condicións de reanudar a execución do contrato, previo informe favorable do responsable do contrato.” (Expediente 6522-241)

Sétimo.- A execución do contrato foi reanudada por acordo da XGL do 29 de outubro de 2021.

Oitavo.- En data 20 de abril de 2022 NEW LINK EDUCATION, S.L., presentou no Rexistro Xeral deste Concello unha proposta de modificación do contrato (nº de documento 220078423) motivada polo incremento de solicitudes de alumnos para optar as becas no ano en curso, que supera o número de prazas ofertadas para esta anualidade.

Noveno.- En data 29 de abril de 2022, o técnico do servizo de Educación responsable deste contrato informa sobre a conveniencia da modificación proposta e envía o expediente ao servizo de Contratación para a súa tramitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a legislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A legislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).



Concello de Vigo

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Que a demanda de prazas para o programa supere o número de prazas ofertadas en cada convocatoria anual.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Incremento do número total de alumnos/as beneficiarios/as.

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

No PCAP fíxanse as seguintes especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación:

- A modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso, incrementando o número de alumnos/as desa edición anual e non nas restantes anualidades.

O técnico do servizo de Educación, no informe citado no antecedente noveno, xustifica a modificación *“coa finalidade de tentar dar resposta á elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal “Vigo en Inglés 2018” (...) “para atender á importante demanda e listaxes de agarda de alumnado solicitante que se produciron no programa “Vigo en Inglés”, e para tentar paliar este aspecto,*

aumentar en 146 prazas o número de prazas dispoñibles no citado programa municipal para esta edición 2020, na procura de tentar garantir o desfrute da praza de todo aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos da convocatoria”.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación non afecta ao prezo primitivo do contrato. No entanto, non resulta necesario evacuar trámite de audiencia ao contratista, por canto o mesmo presentou, a instancia do responsable do contrato, unha memoria da modificación, en data 29 de abril de 2022, da que se infire a súa conformidade coa mesma.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público incrementar as prazas de alumnos para promover a aprendizaxe e o perfeccionamento no uso da lingua inglesa do alumnado de secundaria matriculado en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos, que se encadra nas competencias municipais relativas á promoción da cultura e promoción turística recollidas no artigos 25.2.m e h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia. E así xustificase no informe do técnico do servizo de Educación, de data 27 de abril de 2022, que di que:

“

- *Nun mundo globalizado como o actual, está fóra de toda dúbida a vital importancia da formación en idiomas estranxeiros, sendo a competencia en lingua inglesa do alumnado vigués manifestamente mellorable. O programa municipal “Vigo en Inglés 2018” mellora o coñecemento e a práctica da lingua inglesa da poboación estudiantil de Vigo, constituíndo un valor*



Concello de Vigo

engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global. É dicir, prepara aos nosos estudantes para os desafíos dunha mobilidade internacional no mercado de traballo, satisfacendo a necesidade dunha sociedade plurilingüe e tentando evitar os perigos que puidera ocasionar a marxinação daquel alumnado que non posúa as destrezas necesarias para ter a maior fluidez, manexo e dominio da lingua inglesa.

- A Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE) publicada no BOE nº 340 do 30/12/2020, nos seus artigos 25 e 26 recolle nos principios pedagóxicos que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizarase a comprensión e expresión oral.*
- Por elo, esta acción municipal permite mellorar significativamente a aprendizaxe e competencia en lingua inglesa do alumnado da nosa cidade, ao favorecer a súa integración completa nun ámbito internacional (High School, familia de acollida inglesa e localidade de fala inglesa) durante unha estadía prolongada, sendo este tempo de exposición do alumno/a á lingua inglesa un medio ideal para a súa aprendizaxe práctica en contextos reais 24 horas ao día, perfeccionando as habilidades comunicativas de comprensión e expresión oral na lingua inglesa. En consecuencia estas estadias lingüísticas de 3 semanas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda no marco do programa municipal “VIGO EN INGLÉS 2018”, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma.*
- Para o alumnado vigués participante esta mellora da competencia en lingua inglesa, facilita o acceso a posteriores estudos universitarios en campus europeos e posibilita máis saídas profesionais, especialmente en empregos con proxección internacional.*
- Con esta iniciativa formativo-lingüística municipal, o Concello de Vigo dende hai varios anos, ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas; dado que o coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira amósase como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.*
- O programa “Vigo en Inglés 2018” estimula no alumnado participante unha educación plurilingüe e intercultural, mediante a inmersión e práctica da lingua inglesa e a súa utilización en entornos comunicativos reais, sendo esta formación lingüística complementada con actividades non so académicas, senon de índole cultural, deportivo, tempo libre, obradoiros, coñecemento aspectos socioculturais... cuxa finalidade é promover a convivencia e comunicación co alumnado inglés. Polo tanto, comunicación práctica,*

integración e interculturalidade son aspectos básicos que promove este programa municipal, que sen dúbida algunha facilitará a construción e desenvolvemento colectivo dunha sociedade mais xusta e equitativa que evoluciona e progresa na igualdade de oportunidades e respecto e comprensión doutras culturas.

(...)

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.*
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

Igualmente, segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar en período lectivo nun High School (VIGO EN INGLÉS 2018), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.

Elo ten permitido converter aos alumnos/as beneficiarios/as de 4º da ESO (que na actualidade están a cursar 1º Bach) dos centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitores e alumnos/as participantes no programa "VIGO EN INGLÉS 2018" estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos High Schools, ás familias de acollida en destino e autoridades locais, distinto soporte documental específico (pósters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Neste senso, e seguindo instrucións do Concelleiro de Educación, redáctase o presente informe para a modificación do actual contrato en vigor de "Vigo en Inglés 2018" (expte. 19872-332) , que implica un incremento económico inferior ao 10% restante sobre o prezo do contrato (1.704.465.-€ X 2 anos contrato = 3.408.930.-€, cuxo 10% sería 340.893.-€), e que posibilitaría o aumento na oferta da convocatoria de 146 prazas máis (146 x 2.319,00.-€



Concello de Vigo

custo/alumno = 338.574.-€) , todo elo coa finalidade de tentar dar resposta á elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal “Vigo en Inglés” edición 2020.

Cómpre indicar que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 06/03/2020 aprobou as “Bases e convocatoria 2020 para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2020” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos” (expte 24174/332).

Por outra banda, tamén cómpre suliñar que se aprobou polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o 30 de marzo de 2022, a aprobación definitiva do expediente de modificación orzamentaria n.º 12/2022, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito reflectido no expte. 74/142, que posibilitou a transferencia de crédito de 1.228.893.-€ á partida 3260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais”, partida esta última que neste intre ten un saldo positivo e suficiente para atender a indicada modificación do contrato.

Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9917 Programa Educativo Aulas Internacionais.

Este incremento de gastos na partida de Aulas Internacionais é explicitamente para atender á importante demanda e listaxes de agarda de alumnado solicitante que se produciron no programa “Vigo en Inglés”, e para tentar paliar este aspecto, aumentar en 146 prazas o número de prazas dispoñibles no citado programa municipal para esta edición 2020, na procura de tentar garantir o desfrute da praza de todo aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos da convocatoria.

Este incremento de gastos na partida de Aulas Internacionais é explícitamente para atender á importante demanda e listaxes de agarda de alumnado solicitante que se produciron no programa “Vigo en Inglés”, e para tentar paliar este aspecto, aumentar en 146 o número de prazas dispoñibles no citado programa municipal para esta edición 2020, na procura de tentar garantir o desfrute da praza de todo aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos da convocatoria.

O contrato en vigor do programa municipal “Vigo en Inglés 2018” (expte. 19872-332), posibilita concretar una oferta inicial na convocatoria 2020 de 750 prazas, e polo tanto, trasládase a “Newlink Education, S.L”, a posibilidade de tramitar un incremento económico inferior ao 10% restante do contrato vixente en 338.574.-€ para aumentar en 146 o número de prazas que se ofertan, o que implicará chegar a un total máximo de 896 prazas dispoñibles na convocatoria do 2020.

Con este propósito, e á instancia do requerido por parte de este Servizo Municipal de Educación, a empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L”, achega ao presente expediente a través do rexistro electrónico municipal en data 20/04/2022 co código de solicitude W684499-3306 e co nº de doc 220078423 proposta técnica revisada para a modificación do contrato, que se corresponde principalmente co incremento económico solicitado polo Concello, e no que manifesta a súa conformidade para atender de forma satisfactoria na edición 2020 de “Vigo en Inglés” este incremento de 146

beneficiarios/as (146 prazas X 2.319.-€ custe unitario alumno/a = 338.574.-€) nas mesmas condicións contractuais respecto do programa orixinal para os 750 alumnos/as beneficiarios/as da edición 2020”.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que lle supón a modificación. Tal e como se desprende do citado informe, a modificación que nos ocupa supón un incremento económico de 338.574 euros. Esta modificación supón un 9,93 % do prezo do contrato, acadando todas as modificacións aprobadas o 19,93 %, sendo a porcentaxe máxima de modificación prevista no apartado 16 das FEC o 20%, polo que están dentro deste límite.

Unha vez analizado que a presente modificación cumpre cos presupostos e requisitos esixibles pola normativa contractual e que realizáronse todos os trámites preceptivos, procede formular proposta de aprobación da mesma ao órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. No caso que nos ocupa é preciso que o contratista reaxuste a garantía, por un importe de 16.928,70 €, con carácter previo á formalización do contrato.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP:



Concello de Vigo

fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2018” (expte. 19872-332), adxudicado á empresa “Newlink Education, S.L”, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2018, polo incremento de 146 prazas no programa que pasarán de 750 a 896 alumnos beneficiarios/as; conforme ao proxecto técnico revisado presentado pola empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L” en data 20 de abril de 2022, que obra no expediente. Esta modificación supón un 9,93 % do prezo do contrato, acadando todas as modificacións aprobadas o 19,93 %, polo que se atopan dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación prevista no apartado 16 das FEC, que é do 20%.

2º.- Autorizar o incremento de gasto do contrato “Vigo en Inglés 2018” (expediente 19872-332) en 338.574 euros, con cargo á partida 3260.227.99.17 do vixente presuposto “Programa Educativo Aulas Internacionais”, sendo o prezo total actualizado do contrato para 2022 de 2.043.039 euros.

3º.- *Previamente á formalización da modificación do contrato, “Newlink Education, S.L” deberá reaxustar a garantía definitiva.*

4º.- *Formalizar por escrito a presente modificación.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(325).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO EVENTO DEPORTIVO II VIGO COPA DE ESPAÑA ANO 2022.EXPTE. 21359/333.

Visto o informe xurídico do 27/04/2022 e o informe de fiscalización do 29/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 22/04/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida pola concellería de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 25.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 a favor da entidade Club Ciclista Rias Baixas pola organización do evento deportivo “II Vigo Copa de España”.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade por converterse en acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o



Concello de Vigo

desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade Club Ciclista Rias Baixas, solicitou ó Concello de Vigo con data 21.04.2022 unha subvención en relación á proposta de celebración, na cidade de Vigo, do evento "II Vigo Copa de España", que terá lugar os días 15.05.2022.

O proxecto da entidade fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran afluencia de público e unha ampla difusión en medios de comunicación.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento da "II Vigo Copa de España", segundo o presuposto presentado pola entidade Club Ciclista Rias Baixas, ascenden a un total de 25.000,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

A entidade será a responsable única da organización xeral do evento, e asumirá todos os gastos e responsabilidades en todos os ámbitos derivados.

O gasto total que supón a organización do evento, segundo o orzamento de ingresos/gastos presentado pola entidade xunto coa solicitude de subvención, ascende a un total de 40.000,00€, e inclúe un ingreso previsto do Concello de Vigo por importe de 25.000,00 € en concepto de subvención.

A celebración deste evento deportivo na cidade de Vigo supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a consolidación de Vigo como "Cidade do deporte".

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- 9.Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- 10.Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- 11.O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- 12.Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.

- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contem con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención a través dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Ciclista Rias Baixas orientado, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se*



Concello de Vigo

se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Considérase que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, o que fundamenta a súa tramitación a través dunha subvención directa, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A vixencia do convenio é pola organización do evento deportivo “II Vigo Copa de España”, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte a realización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Club Ciclista Rías Baixas para a realización do Evento deportivo “II Vigo Copa de España” e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 25.000,00 €. a favor da entidade Club Ciclista Rías Baixas co CIF: G36842946 e enderezo social na rúa Av Castelao 3 4ºb, 36209, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 21359-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890001 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “II VIGO COPA DE ESPAÑA” (EXPT. 21359/333).

En Vigo, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Jose Luís Chamorro Pérez como presidente da entidade Club Ciclista Rías Baixas CIF: G36842946 e enderezo social na rúa Av Castelao 3 4ºb, 36209, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 21359/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo “II Vigo Copa de España” organizado polo Club Ciclista Rias Baixas, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

O Club Ciclista Rias Baixas, formula a celebración na cidade de Vigo da “II Vigo Copa de España”, un importante proxecto deportivo que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, no centro de atención nacional do ciclismo .

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade a 20 dos mellores equipos ciclistas do país.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Ciclista Rias Baixas organizará o 15.05.2022, a “II Vigo Copa de España”, que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo reunirá a mais de 200 deportistas e 28 equipos cunha gran infraestrutura en cada un de eles con coches de apoio e estrutura deportiva, para un evento de acceso gratuíto o aire libre, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mocidade teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”



Concello de Vigo

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor da entidade Club Ciclista Rias Baixas por importe de 25.000,00 €.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo “II Vigo Copa de España”.

VI.- Que a entidade Club Ciclista Rias Baixas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Ciclista Rias Baixas conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Club Ciclista Rias Baixas comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organizar o Club Ciclista Rias Baixas, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

3º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

13º.- Atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Club Ciclista Rias Baixas unha subvención por importe de 25.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo "II Vigo Copa de España". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a



Concello de Vigo

diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 40.000,00 euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de

desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo "II Vigo Copa de España".

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 31 de decembro de 2022, co obxecto de proceder á tramitación do mesmo.



Concello de Vigo

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución.

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital.

13(326).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA 2022. EXPTE. 9213/335.

Visto o informe xurídico do 27/04/2022 e o informe de fiscalización do 02/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 13/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá resolveu en data 31 de marzo de 2022 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Asociación Amigos de la Historia de Bouzas, para da Festa da Brincadeira 2022.

A Festa da Brincadeira, na Vila de Bouzas, tratáse dunha festa de gran arraigo na cidade que persigue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica



Concello de Vigo

- Dinamizar cultural e socioeconómicamente a Vila de Bouzas

Este programa estase a desenvolver pola Asociación Amigos de la Historia de Bouzas (CIF G-27.851.070), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, *“os bens culturais (feitos históricos) da vila de Bouzas, transformándolos en festas gastronómicas e artesanais”*.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A Asociación Amigos de la Historia de Bouzas está en condicións de organizar a Festa da Brincadeira 2022, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición se desenvolverá os días 7 e 8 de maio de 2022, coa instalación de postos de artesanía e gastronomía na plaza da Vila de Bouzas, encadrándose así mesmo dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O obxecto deste convenio é fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal, fomentando acontecementos que promovan valores culturais, sociais e históricos.

Dende o ano 2012 se veñe organizando a Festa da Brincadeira, sendo en 2019 cando pasa a ser competencia da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas. O Concello de Vigo e a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas asinan este convenio de colaboración á vista dos resultados moi satisfactorios acadados nas edicións anteriores. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación cultural Interfolc no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.480.0004, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de 15.000,00 € (quinze mil euros), a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas para coadjuvar aos gastos do desenvolvemento do programa da Festa de Brincadeira 2022.

Este convenio, de carácter anual, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma (contratación dos grupos folclóricos, seguros de responsabilidade civil e de accidentes, etc...) e que, segundo a proposta de Programa e de Presuposto presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 27.000,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica de 15.000,00 euros, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.



Concello de Vigo

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

“1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas CIF G-27.851.070, para a organización da Festa de Brincadeira 2022.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 15.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas con cargo á aplicación presupostaria 3380.480.0004 (Convenio Brincadeira de Bouzas) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA 2022.

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil vintedous.

REUNIDOS

Dunha parte, don PABLO L. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.

Doutra, don JOSE MANUEL VIDAL SAN GABRIEL con D.N.I. 36.011.841-M, como presidente da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas de Vigo, C.I.F. G-27.851.070 e enderezo social na rúa Sebastian El Cano, nº 3 Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 9213/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que é o obxectivo deste Concello prestar axuda á Asociación para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da

ciudadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e en consecuencia:

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, ca consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal
- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración ás súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.
- A promoción da revitalización da cidade e en particular do Barrio Histórico de Bouzas, e polo tanto impulsar actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

Segundo.- A Festa da Brincadeira comenouse a celebrar no ano 2012 e rememora o importante papel que tivo Bouzas na expulsión das tropas francesas polo ano 1809. No ano 2019 é rexistrada e pasa a organizarse pola Asociación Amigos de la Historia de Bouzas. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Terceiro.- A Asociación Amigos de la Historia de Bouzas (G27851070), inscrita no Rexistro Municipal de asociacións co núm. 1362 en colaboración co Concello de Vigo, ven organizando desde o ano 2012 a Festa de Brincadeira, na vila de Bouzas, con gran éxito organizativo e aceptación entre a cidadanía e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao presuposto de ingresos e gastos recollidos no expediente deste convenio.

Cuarto.- A exclusividade do programa considérase acreditado na Memoria presentada pola entidade e que atópase recollida no expediente deste convenio.

Quinto.- O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.4800004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 € (quinze mil euros), a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas para a organización da Festa de Brincadeira 2022. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren sigulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha festa de gran arraigo na cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

O custo económico adicional que soporten os distintos servizos municipais, non cuantificados na execución deste evento (auga, limpeza, subministro eléctrico, P. Civil, Policía Local, etc.) son gastos que están cubertos nos contratos vixentes con cargo aos respectivos créditos do presuposto xeral do Concello, así como a non suxeición á taxas da



Concello de Vigo

ocupación demanial pola súa consideración de especial interese ou utilidade municipal conforme ao establecido na ordenanza fiscal nº 30 deste Concello.

Sexto.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización da citada festa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e con fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración.

Sétimo.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Oitavo.- O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá aos previstos nos artigos 22.2 e 28.1 e concordantes da lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro.

Noveno.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Décimo.- A Asociación amigos de la Historia de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentas con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9213/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a Festa da Brincadeira da Asociación de Amigos de la Historia de Bouzas, entre os días 7 e 8 de maio de 2022, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes,

PACTOS

Primeiro.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre as entidades asinantes en orde á organización conxunta da Festa da Brincadeira 2022, a celebrar os días 7 e 8 de maio na praza da Vila de Bouzas, e que persigue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica
- Dinamizar cultural e socioeconómicamente a vila de Bouzas

Segundo.- Presuposto e Financiamento

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gasto e ingresos do programa obxecto do convenio por un importe total de 27.000,00 €, financiándose estes mediante as achegas de 15.000 € do Concello de Vigo (55,55%),

Terceiro.- Proxecto da Festa da Brincadeira da Vila de Bouzas

Establécese o programa de actuacións conforme ao proxecto presentado pola Asociación asinante, núm.- 220064319, de data 30 de marzo de 2022, que contempla a celebración de distintas actuacións lúdicas e culturais, acompañadas da instalación de diferentes postos de produtos gastronómicos e artesáns coincidentes coa finalidade do evento.

Cuarto.- Obrigas da asociación. Mecanismos de Asistencia Técnica

A Asociación asinante comprométese a colaborar co Concello de Vigo en canto á organización da Festa da Brincadeira 2022, que terá lugar na plaza da Vila de Bouzas os días 7 e 8 de maio de 2022, conforme ao programa que se achega ao expediente, e concretamente a:

1º- Asumir toda responsabilidade concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación que actuará como interlocutor final ante á Concellería. A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

2º- Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

3º- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º- Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio. Así mesmo, presentar a declaración responsable á que fai referencia a disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia, relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas: *“As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación ou comisión na que se relate o programa das actividades a realizar e as súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación”*



Concello de Vigo

5º- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá achegar un mínimo de 20 exemplares ao Concello dez días antes do comezo do evento; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do Servizo de Festas e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa.

7º- Coordinar co Servizo de Festas do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

8º- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

9º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 0962279003154 con Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, SA que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entrega ao CONCELLO copia da póliza, que consta no expediente.

10º- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo.

11º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

12º- En relación aos postos do mercado tradicional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicas sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontable e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, e previo ao inicio da actividade, as respectivas declaracións responsables asinadas polos titulares dos postos conforme cumpren coas condicións de venda ambulante e hixiénico sanitarias.

A tal fin, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto respectarán as normas sobre hixiene, seguridade e demais suposicións impostas pola lexislación vixente. Igualmente, asegurarse de que os postos que expendan bebidas alcohólicas expoñan en lugar perfectamente visible para o público a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, en cumprimento da lei de Galicia 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas a menores de idade.

13º- Limpeza do espazo e contorna onde se desenvolve o mercado.

14º- Contratar os traballos de instalación eléctrica, obtención dos boletíns de industria e tramitación dos contratos de subministración eléctrica.

15º- Estar en comunicación permanente co servizo de Festas facilitándolle coa antelación necesaria a información para a difusión e divulgación do programa de actividades nos medios de comunicación do Concello (web, APP, 010, RRSS, etc.)

16º- Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto sétimo.

17º- Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do programa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Quinto.- Obrigas do Concello

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º. Conceder directamente á Asociación Amigos de la Historia de Bouzas, unha subvención por importe de 15.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento da Festa da Brincadeira 2022 que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, na aplicación 3380.480.0004 (Brincadeira de Bouzas), do exercicio económico do 2022. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

2º- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

3º - Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.

4º- Prestar servizo de limpeza e recollida de lixo na zona da celebración do evento

5º- Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

6º- Colaborar na promoción dos eventos cos distintos medios de comunicación e difusión municipais

7º- Autorizar o uso do dominio público constituído polos espazos das rúas públicas que ocupen os postos do mercado no ámbito territorial da festa que se indica no plano que se achega ao expediente, sen suxeición ás taxas establecidas polo Concello pola súa consideración da festa de "especial interese ou utilidade municipal".

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Sexto.- Pagamento da subvención

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A Asociación comunicará ao Concello a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art. 11.d da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art. 17.3 da citada Lei)

O Concello xestionará o pagamento á Asociación polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme do Concelleiro – Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas.

O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES10.2080.5016.0030.4003.5126, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Non obstante a beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de hasta o 40% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao art. 42.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a Asociación de Amigos de la Historia de Bouzas queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción das festas locais.

De conformidade co art. 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- Xustificación da subvención

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a ASOCIACIÓN

AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2022, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados



Concello de Vigo

para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.

b) Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

Gastos subvencionables

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables podera ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Oitavo.- Difusión do carácter público do financiamento e das actividades do programa

Calquera que sexa o medio de difusión, a Asociación adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente e expresamente o carácter publico do financiamento do programa

polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo de Concello ademais das lendas indicadas polo Servizo de Festas, en particular, no material gráfico editado, na páxina web nas presentacións públicas, actividades soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo con Concello.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello deberá acordarse con este a prelación e características de cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Festas previamente ás impresións. Así mesmo, a Asociación entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende o Servizo de Festas.

A difusión aos medios de comunicación de información sobre as actividades programadas (rodas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos...) deberá estar previamente comunicada e acordada co Concello antes da súa divulgación pública.

A asociación comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que empregue a asociación para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a Asociación ao emprego de imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A Asociación facilitará ao servizo de Festas, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, RRSS...).

En consecuencia co establecido na vixente ordenanza da Normalización Lingüística do Concello, a información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Noveno.- Información

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello e Intervención Xeral, Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvencións.

Décimo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo Primeiro.- Mecanismos de coordinación, seguimento da subvención e do convenio. Unidade Xestora.



Concello de Vigo

O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo segundo.- Vixencia

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogábel.

Décimo terceiro.- Modificación, denuncia, extinción e resolución de controversias

Calquera das partes asinantes poderá denunciar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de 15 días.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facilitará á outra para resolvelo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración consulta, pero non así as obrigas contraídas neste.

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

O convenio extínguese polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga
- b) O acordo unánime dos asinantes
- c) A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento da calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indenización dos prexuízos causados se así se previse.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- Protección de datos de carácter persoal

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Concelleiro de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Décimo sexto. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos e demais material obtido da realización das actividades programadas, será de titularidade e uso común do Concello e da Asociación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

O Concello reservase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento da Asociación das partes asinantes do convenio.

Décimo sétimo.- Participación dos colaboradores da asociación

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual o de calquera outra índole ente a Asociación e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo oitavo.- Destinatarios e participación

A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

Décimo noveno.- Seguridade

A Asociación deberá cumprir estritamente o Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos da festa e respectando os seus aforos. Así mesmo, velará por que todos os ocupantes dos postos do mercado tradicional cumpran co Plan de Autoprotección, debendo ter especial coidado na localización destes postos e nos espazos de evacuación que se recomenden en caso de emerxencia.

Nas actuacións que se programen deberase dar cumprimento á lexislación vixente pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Vixésimo .- Lexislación aplicable



Concello de Vigo

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

14(327).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2022”. EXPTE. 10583/320.

Visto o informe de fiscalización do 28/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 12/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 11 de abril de 2022, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciara a tramitación de expediente de “Bases reguladores das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2022”.

O obxecto destas subvencións é, colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades. Estas axudas tamén permiten atender a novas necesidades emerxidas no actual contexto de crise sanitaria provocada polo COVID-19, así como, a adquisición de material informático e audiovisual para a adaptación e implantación das novas tecnoloxías nas actividades asociativas, así como, a adecuación dos locais sociais ás novas condicións de seguridade.

1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orza-

mentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.***

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, e así, atopamos os seguintes antecedentes máis inmediatos:

1. Ano 2021: Expte. Num. 10077/320
2. Ano 2020: Expte. Núm. 9530/320
3. Ano 2019: Expte. Núm. 8627/320
4. Ano 2018: Expte. Núm. 8011/320
5. Ano 2017: Expte. Núm. 7754/320
6. ...

3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexerese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIÓNS

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **416.840,00 € (catrocentos dezaseis mil oitocentos corenta euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 242.190,00 € (douscentos corenta e dous mil cento noventa euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*" do vixente exercicio orzamentario.

2.- Programas III e IV: 174.650,00 € (cento setenta e catro mil seiscentos cincuenta euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada "*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*" do vixente exercicio orzamentario.

5. CONDICIÓNS E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS E ENTIDADES BENEFICIARIAS



Concello de Vigo

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que operen no movemento veciñal e que traballen no ámbito sociocomunitario, de participación cidadá e das relacións cidadás, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de realizar (*dende o 1 de novembro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022*) e que cumpran os requisitos enumerados na Base 2ª da norma reguladora da subvención, así como a finalidade ou obxectivo perseguido coa convocatoria.

Coa finalidade de coadjuvar ao cumprimento dos seus fins e ao desenvolvemento das súas actividades, a través desta convocatoria, se financian os seguintes programas, nos que se inclúen os gastos derivados das necesidades emerxidas como consecuencia do COVID-19:

- **Programa I:** Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- **Programa II:** Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- **Programa III:** Gastos en investimento. Equipamento.
- **Programa IV:** Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmables

6. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes establecidos na Base 10ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

7. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

8. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 11ª da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á

presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de 6 meses), e a notificación electrónica. Por último, as beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á subvención concedida, no prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da concesión da axuda, podendo ser a renuncia, total ou individual, por Programas, e a mesma será aceptada de plano pola administración, que declarará concluído o procedemento.

9. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar as presentes bases reguladoras da convocatoria e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

10. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- APROBAR a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano*”



Concello de Vigo

2022", de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais que operen no movemento veciñal, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do RMA, e que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, co fin de contribuír no desenvolvemento, tanto das súas actividades propias, como as derivas das medidas adoptadas como consecuencia do COVID-19, e por unha contía total de **416.840,00 € (catrocentos dezaseis mil oitocentos corenta euros)**.

SEGUNDO.- APROBAR, como **modelos oficiais**, os 13 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitud
2. Anexo II: Programa de actividades para o ano 2022
3. Anexo III: Orzamento dos programas subvencionables
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos
5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI : Autorización expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa-Cartelería
8. Anexo VIII: Solicitud de aboamento do Programa I. Mantemento e funcionamento
9. Anexo IX: Solicitud de aboamento do Programa II. Mantemento locais
10. Anexo X: Solicitud de aboamento do Programa III. Equipamento
11. Anexo XI: Solicitud de aboamento do Programa IV. Obras
12. Anexo XII: Memoria de actividades 2022 (ou equivalente)
13. Anexo XIII: Renuncia

TERCEIRO.- PUBLICAR, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das "*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2022*" en:

- a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).
- b) As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

CUARTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de **242.190,00 € (douscentos corenta e dous mil cento noventa euros)**, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*" do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos Programas I ("Gastos de mantemento e funcionamento") e Programa II ("Gastos de mantemento de

locais”) das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2022*”.

QUINTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de **174.650,00 € (cento setenta e catro mil seiscientos cincuenta euros)**, con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos Programas III (“Gastos en investimento: equipamento”) e IV (“Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”), das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2022*”.

SEXTO.- RECURSOS: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

A Concellaría de Participación Cidadá e Festas convoca anualmente un programa de subvencións cuxos destinatarios son Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais que operen no movemento veciñal.

O obxecto destas subvencións é, colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades.

A contía total destinada a estas axudas para o vixente exercicio presupostario é de **416.840,00 euros (catrocentos dezaseis mil oitocentos corenta euros)**. Considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de novembro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022**, e que se encadren en algún dos seguintes programas:

- Programa I: Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- Programa II: Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- Programa III: Gastos en investimento. Equipamento.
- Programa IV: Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmobles

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.



Concello de Vigo

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2022

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas, do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- Programa I: Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- Programa II: Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- Programa III: Gastos en investimento. Equipamento.
- Programa IV: Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmables

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais e sociedades culturais, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Fomentar proxectos de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Potenciar a dinamización social e as relacións da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edición de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.

- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que **operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións** (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, agás as excepcións reflectidas na base primeira, e que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. Para dar cumprimento a este requisito, a persoa que ostente o cargo de secretario/a deberá achegar unha certificación nos que se contemplan estes términos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo nos termos establecidos na Base 6.2.1 desta convocatoria.
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos



Concello de Vigo

supostos do apartado anterior (“Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles”).

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, **son gastos subvencionables** os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de novembro de 2021 ata a data de finalización do prazo de xustificación (30 de setembro de 2022)**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar, e que teñan acomodo nalgún dos dous programas obxecto de convocatoria:

1- Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministrados:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos...
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, xestión ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación...
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades...
- **Taxas:** lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados)...
- **Material fungible:** consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina...
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación :** avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería...
- **Investimento na adaptación da actividade asociativa á normativa de protección e prevención fronte ao COVID-19:** máscaras, xel hidroalcohólico, desinfección...
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **gastos do persoal contratado para a xestión e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.**

2- II: “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base imponible + IVE) e os gastos derivados do

Imposto de Bens Inmóveis (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida.

3- Programa III :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (*considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade*);

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz....
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores...
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas...
- **Material COVID-19:** equipamento que puidese ser preciso coa finalidade de garantir a continuidade ou adaptación de novos servizos á cidadanía como consecuencia da COVID-19: mamparas, expendedor de xel, purificador de aire....
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

Estes gastos son finalistas e a subvención atenderá soamente ao aprobado pola Xunta de Goberno Local, non admitíndose cambios na compra deste material que non fosen expresamente autorizados.

Deberá acreditarse mediante certificación do/a secretario/a da entidade que equipamento adquirido se incorporou ao inventario da entidade, con indicación expresa do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo, de dous anos.

4- Programa IV: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmóveis”:

- Adquisición, **obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmóveis e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- **Inversións realizadas nas instalacións e no entorno dos locais sociais como consecuencia das medidas adoptadas para dar cumprimento ás esixencias derivadas da COVID-19.**
- **Obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares.**
- Poderán incluírse, como **gastos indirectos**, ata un máximo dun 20% do orzamento presentado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrals, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesma.



Concello de Vigo

En ningún caso, se aboará a subvención en concepto de obras, se a beneficiaria non conta coa preceptiva licenza municipal ou, no seu caso, comunicación previa, de seren esixibles conforme a normativa urbanística.

No caso de adquisición, nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inmobles inventariables, inscribibles no Rexistro da Propiedade, deberá facerse constar na escritura, obrigatoriamente, o destino do/s bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin, que, como mínimo, será de cinco anos.

Cando o importe dos gastos exceda de 40.000 € para a execución da obra, ou de 15.000 €, no caso de subministro de bens de equipo ou prestación de servizos, a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista no mercado entidades suficientes que o subministren ou que o gasto tivera lugar antes da solicitude da subvención. A elección da oferta, que deberá xustificarse expresamente cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **416.840,00 € (catrocentos dezaseis mil oitocentos corenta euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 242.190,00 € (douscentos corenta e dous mil cento noventa euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto, non poderá superar, en ningún caso, o límite de **6.000 € no Programa I e 4.000 € para o Programa II.**

2.- Programas III e IV: 174.650,00 € (cento setenta e catro mil seiscientos cincuenta euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto **non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e**

similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS)..

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Participación Cidadá e Festas, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SEXTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

- 1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:
 - Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
 - Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
 - Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
 - Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
 - Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima de 5 puntos na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
 - Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base décima ("Solicitud e Documentación").

- 2.- Con carácter xeral:



Concello de Vigo

- A non xustificación ou xustificación fóra de prazo, sen achegar renuncia, das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior ao desta convocatoria.
- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.
- Aqueles que non respondan á natureza do programa subvencionado
- Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.
- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.

3.- No Programa II, mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas:

- Aquelas entidades que soliciten axudas para o pago do arrendamento do local social, no suposto de que o **contrato de arrendamento presentado sexa de data posterior ao inicio da data do período subvencionable (1 de novembro de 2021)**

4.- No Programa IV: Obras

- Aqueles proxectos sobre locais arrendados, cando o **contrato de alugamento sexa inferior a 5 anos, e ou, non conte coa autorización expresa do propietario ou propietaria do local para levar a cabo devanditas obras.**
- Aqueles proxectos de obras realizadas en locais de titularidade municipal sen a previa autorización ou conformidade do departamento de Participación Cidadá.
- Aqueles proxectos de obras, pendentes de executar, en locais cedidos por outros entes públicos ou privados, e non se acredite a súa autorización expresa para realizar ditas obras.
- Aqueles gastos en man de obra directa derivada do voluntariado.

SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados a que se refiren os Programas I, II e III, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de unidades de obra, servizo ou equipamento, comunicarse no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan ou coñeza, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación á baixa na concesión da presente subvención, así

como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.

4. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades, as obras ou no equipamento adquirido, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII (modelos de cartelería)** aprobado nesta convocatoria e que estarán a disposición no Servizo de Participación Cidadá para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2022 publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento e/ou investimento (equipamento e/ou obras) da asociación, para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da participación cidadá.
5. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
6. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
7. Contar coa preceptiva licenza municipal de obras ou, no seu caso, cando a actuación non estivese sometida a réxime de autorización, a oportuna comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística.
8. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
9. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
10. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
11. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
12. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
13. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
14. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos a raíz do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do Título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000,00 euros

OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e



Concello de Vigo

tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Os anexos de solicitude e a documentación complementaria deberán presentarse electronicamente. Os/as solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Os/as solicitantes deberán presentar necesariamente os seguintes anexos e documentación complementaria:

- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA común para os catro programas:

Certificación da persoa que ostente o cargo de secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade, na que conste que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, esta ten obxectivos e finalidades coincidentes coas establecidos nas bases de esta convocatoria (base 1ª.c), así como, que a entidade conta coa estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e a experiencia e capacidade necesarias para acadalos.

- ANEXOS (I, II, III, IV, V e VI)

ANEXO I. SOLICITUDE

1. Datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

2. Información básica sobre protección de datos
3. Datos bancarios
4. Custe do proxecto presentado e importe da subvención solicitada
5. Datos do Rexistro Municipal de Asociacións
6. Información relativa á titularidade do local da entidade, autorizacións, fotografías e orzamento das obra previstas
7. Xestión económica e financeira da entidade no ano 2021
8. Sistemas de información, comunicación e publicidade do financiamento municipal (*conforme aos modelos do anexo VII de cartelería*)
9. Niveles de cooperación con outras entidades (*criterio de valoración*)
10. Sinatura dixital do/a representante lega da entidade

ANEXO II. PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2022 incluídas as xa realizadas e as pendentes de realizar e, que serven de fundamento para a concesión da subvención:

- descrición da actividade
- duración media da actividade
- categoría (formación, deporte, lecer, saídas culturais, artesanía, exposicións, ...)
- colectivo ao que se dirixe
- número de participantes (se xa se coñecen) e sector ou colectivo de poboación destinatario
- financiamento
- medios empregados (materiais e humanos)
- lingua empregada no desenvolvemento da actividade

ANEXO III. ORZAMENTO DOS PROGRAMA SUBVENCIONABLES

Programas para os que solicita a subvención:

1. Detalle dos gastos do **Programa I**: Gastos xerais de mantemento e funcionamento das entidades veciñais

2. Detalle dos gastos do **Programa II**: Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. No suposto de solicitar axuda para o pago dos gastos derivados do arrendamento de local (base imponible + IVE), deberá presentarse ademais:

- Copia do contrato de arrendamento vixente, que en todo caso, debe ser anterior á data de inicio do período subvencionable (1 de novembro de 2021)

3. Detalle dos gastos do **Programa III**: Gastos en investimento.Equipamento inventariable

4. Detalle dos gastos do **Programa IV**: Obras e adquisición de Inmobles



Concello de Vigo

Con respecto ao programa de obras, deberá presentarse ademais:

- No suposto de locais arrendados, deberase presentar a **copia do contrato de arrendamento** (*cunha duración como mínimo de 5 anos*) e a **autorización da persoa propietaria** do local para levar a cabo devanditas obras.
- No suposto de locais cedidos polo Concello de Vigo, a entidade peticionaria deberá marcar a cela correspondente de petición de **autorización do Servizo de Participación Cidadá**, como tramite previo para solicitar a preceptiva licenza municipal ou oportuna comunicación previa para acometer as obras de reforma ou melloras no local social de titularidade municipal.
- No suposto de locais cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberan presentar, igualmente, a **autorización expresa** de ditos entes para realizar as obras obxecto de subvención.
- **Reportaxe fotográfica** sobre os estado actual do/s espazo/s obxecto das obras:
Antes das obras Despois das obras (no suposto de estar xa executadas)
- **Orzamento da obra** redactado pola empresa executora das obras, no que deberá reflectirse o importe da actuación por conceptos, desagregando, en todo caso, traballos, materiais e man de obra e, que deberá axustarse ao orzamento presentado na Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo no expediente de comunicación previa ou licenza urbanística.
- No momento da xustificación das subvencións recibidas, haberá que indicar o número de expediente ou copia da correspondente licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e no caso das comunicacións previas, o servizo de Participación Cidadá, solicitará un informe de conformidade emitido por dita Xerencia

ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

ANEXO VI: AUTORIZACIÓN EXPRESA Á CONSULTA E VERIFICACIÓN DE DATOS POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO.

Esta autorización expresa para consultar as certificacións de non ter débedas tributarias e coa Seguridade Social, deberá presentarse asinado electronicamente. No caso de que a entidade solicitante se opoña expresamente, terá que presentar o documento de identidade correspondente e/ou as certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados

os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a 6 meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

O departamento convocante pode requirir, cunha outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A entidade solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A Administración actuante poderá consultar ou recadar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recadar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que emende a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, previa ponderación das solicitudes recibidas e tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

- a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos



Concello de Vigo

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 2000	4
Ano 2001 a 2006	3
Ano 2007 a 2013	2
Ano 2013 a 2019	1
En adiante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1
0 anos	0

- b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

- Socios
- | | |
|-----------------------|---|
| Ata 500 socios | 1 |
| De 501 a 1000 socios | 2 |
| De 1001 a 1500 socios | 3 |
| De 1501 a 2000 socios | 4 |
| Mais de 2000 socios | 5 |

- c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2021): Ata 5 puntos

Presuposto: Ata 10.000 €	5
De 10.001 a 50.000 €	4
Do 50.001 a 70.000 €	3
Do 70.001 a 100.00 €	2
Mais de 100.000 €	1

- Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

Solvencia: Do 56% ata o 100%	1
Do 41% ata o 55%	2
Do 26% ata o 40%	3
Do 16% ata o 25%	4
Ata o 15%	5

- d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos.

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.

Duración media dos programas ou grupos estables (máximo 8 puntos)

Ata 3 meses: 2 puntos

Ata 6 meses: 4 puntos

Ata 9 meses: 6 puntos

Ata 12 meses: 8 puntos

- B) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

Número de actividades formativas (máximo 8 puntos)

1-10 actividades: 2 puntos

11-20 actividades: 4 puntos

21-30 actividades: 6 puntos

Máis de 31 actividades: 8 puntos

- C) Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.

Número de actividades formativas (máximo 5 puntos):

1-3 programas: 2 puntos

4-7 programas: 3 puntos

8-11 programas: 4 puntos

12 ou mais programas: 5 puntos

- D) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

Parcial: 1 puntos

- E) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (máximo 2 anos):

0 entidades: 0 puntos

1-3 entidades ou colaboración puntual: 1 puntos

4 ou mais entidades ou colaboración estable: 2 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

f) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 por Programa.



Concello de Vigo

Distribuirase un total de 25 puntos por tramos en base ao custe do proxectos achegados para cada un dos Programas (*gastos en mantemento, gastos en equipamento e gasto en obras*):

De 1 € a 1.000 €: 1 punto	De 4.001 a 4.500 €: 11 puntos
De 1.001 a 1.250 €: 2 puntos	De 4.501 a 5.000 €: 12 puntos
De 1.251 a 1.500 €: 3 puntos	De 5.001 a 5.500 €: 13 puntos
De 1.501 a 1.750 €: 4 puntos	De 5.501 a 6.000 €: 14 puntos
De 1.751 a 2.000 €: 5 puntos	De 6.001 a 6.500 €: 15 puntos
De 2.001 a 2.250 €: 6 puntos	De 6.501 a 7.000 €: 16 puntos
De 2.251 a 2.500 €: 7 puntos	De 7.001 a 8.000 €: 17 puntos
De 2.501 a 3.000 €: 8 puntos	De 8.001 a 9.000 €: 18 puntos
De 3.001 a 3.500 €: 9 puntos	[...]
De 3.501 a 4.000 €: 10 puntos	De 15.001 en adiante : 25 puntos

- Mellora da accesibilidade, cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración : Ata 5 puntos

Porcentaxe do custe do proxecto adicado a esta finalidade:

100 %	5 puntos
Igual ou superior ao 75%	4 puntos
Igual ou superior ao 50 %	3 puntos
Igual ou superior ao 25 %	2 puntos
Menos do 25 %	1 punto

g) Colaboración das entidade coa acción da Administración Local. Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...). Máximo 10 puntos:
 - Ata 3 rexistros: 4 puntos
 - De 4 a 6 rexistros: 8 puntos
 - Mais de 7 rexistros: 10 puntos
- Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas municipais nos que se participe, ata un máximo de 10 puntos.

h) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas.

- Grao de cumprimento na presentación da documentación: Restarase un punto polo incumprimento da base 13^a:

“Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento), IX (equipamento) e X (obras), cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentarse como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XI: “Memoria de actividades 2021” ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.

- Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no 2021
- A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos máis cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.
- Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Festas
- 2 Vogais: A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa, e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Nónena.

4- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no



Concello de Vigo

artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remitiranse ás entidades interesadas os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte á recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe

comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XIII**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións do servizo de Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

12.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

DÉCIMO TERCEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 30 de setembro de 2022**. Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.



Concello de Vigo

O criterio para verificar que os gastos foron realizados dentro do período subvencionable será o da data da factura ou documento xustificativo que se presente.

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.**

Excepcionalmente, admitirase a presentación de pagos en efectivo nos Programa I e III, pero sempre respectando os seguintes límites:

- **Programa I. Gastos de Mantemento: se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 50 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.**
- **Programa III. Gastos en equipamento: se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 250 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.**

Para xustificar este tipo de pagos, achegarase un recibo no que conste que o emisor/proveedor recibiu o importe, con identificación da factura que lle corresponda, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto se deixe constancia de que se recibiu o importe debido e a data de dita transición.

Tamén se considerará efectivamente pagado un gasto coa cesión do crédito ou do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado, así como coa entrega de efecto mercantil garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido nos **Anexos VIII, IX, X e Xi** respectivamente, nos cales se inclúen, entre outros, os seguintes apartados:

- 1. Declaración do representante da entidade na que declara baixo a súa responsabilidade que “responde da veracidade da información achegada, así como, que a documentación xustificativa dixitalizada que se presenta é fiel reprodución da documentación orixinal”**
- 2. Relación clasificada dos gastos en cada un dos programas subvencionados:** en dita relación xustificárase gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade. Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas e asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**
 - os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento e funcionamento), IX (mantemento entidades que carezan de local municipal) X (equipamento) e XI (obras), cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentarase como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XII: “Memoria de actividades 2022” ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:

1. Anexo VIII. “Solicitude de aboamento do Programa I. Gastos de Mantemento e Funcionamento”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención
2. Datos do/ representante legal: no suposto de que dita representación non corresponda co/a presidente/a da entidade solicitante, deberá presentarse unha certificación do/a secretario/a no que figure o acordo de nomeamento de dito/a representante.
3. Domicilio a efectos de notificación: identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar), e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións enviadas á entidade solicitante. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.



Concello de Vigo

4. Detalle dos gastos xerais de mantemento, por un importe igual ou superior ao custe do proxecto subvencionado

5. Documentación complementaria:

- Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse:

- Copia das **nóminas** correspondentes aos meses imputados.
- O **Modelo 111** de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas **acreditacións bancarias de pago**.
- **Seguros Sociais**: Relación de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT). O RLC deberá ir acompañado do xustificante bancario de pago.

- Cando se inclúan, como documentación orixinal, os recibos dos gastos de seguros, achegarase copia do correspondente contrato vixente (póliza) ou certificación da empresa aseguradora que se corresponda co período subvencionado.

- Acreditar, mediante a presentación das fotografías correspondentes, a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, mediante a inserción, en lugar preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo **Anexo VII (“Publicidade corporativa- cartelería”)** desta convocatoria. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2022, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos de mantemento da asociación, para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da participación cidadá.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **copia electrónica da resolución de concesión** das mesmas.

6. Declaración responsable (veracidade dos datos e cumprimento das bases, aplicación dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non dedución do IVE, non percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS e non aplicación da documentación económica xustificativa achegada á xustificación doutras subvencións).

7. Relación clasificada dos gastos subvencionados no programa I de Mantemento, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun “x” diante do documento cuxo “orixinal” se achega (*facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais*), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos “orixinais” presentados.

8. Sinatura dixital do/a representante da entidade

2. Anexo IX. “Solicitud de aboamento do Programa II. Gastos de Mantemento de Entidades que carezan de local municipal ”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/ representante legal: no suposto de que dita representación non corresponda co/a presidente/a da entidade solicitante, deberá presentarse unha certificación do/a secretario/a no que figure o acordo de nomeamento de dito/a representante.

3. Domicilio a efectos de notificación: identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar), e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións enviadas á entidade solicitante. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

4. Detalle dos gastos xerais de mantemento, por un importe igual ou superior ao custe do proxecto subvencionado

5. Documentación complementaria:

- Cando se xustifiquen gastos de alugueiro, **Modelo 115** de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.

6. **Declaración responsable.**

7. **Relación clasificada dos gastos subvencionados** no programa II de Mantemento de entidades que carezan de local municipal.

8. Sinatura dixital do/a representante da entidade

3. Anexo X. “Solicitud de aboamento do Programa III. Equipamento”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/ representante legal

3. Domicilio a efectos de notificación

4. Detalle dos gastos xerais de equipamento, por un importe igual ou superior ao custe do proxecto subvencionado

5. Documentación complementaria:



Concello de Vigo

- **certificación do/a secretario/a** da entidade conforme o equipamento adquirido e subvencionado se incorporou ao seu inventario da entidade, con indicación expresa dos bens adquiridos e subvencionados e do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s, e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo de 2 anos.

- **Reportaxe fotográfica** do equipamento subvencionado coa correspondente etiqueta identificativa do cofinanciamento municipal conforme o Anexo II. "Publicidade corporativa-cartelería", así como, as fotografías que acrediten a exposición da cartelería nas instalación da entidade e, de ser o caso, na súa páxina web.

- De ser o caso, os **tres orzamentos** que, en aplicación do art. 31.3 da LXS debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 € no subministro de bens de equipamento ou prestación de servizos. Non serán esixibles cando os gastos se tiveran realizado con anterioridade á solicitude desta subvención.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.

6. **Declaración responsable.**

7. **Relación clasificada dos gastos subvencionados** no programa III de Equipamento.

8. **Sinatura dixital do/a representante da entidade**

3. Anexo XI. "Solicitude de aboamento do Programa IV. Obras"

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/ representante legal

3. Domicilio a efectos de notificación

4. Detalle dos gastos xerais das obras, por un importe igual ou superior ao custe do proxecto subvencionado

5. Documentación complementaria:

- **Reportaxe fotográfica** sobre o estado final do/s espazo/s obxecto das obras, así como, as fotografías que acrediten a exposición da cartelería nas instalación da entidade e, de ser o caso, na súa páxina web, conforme ao Anexo II. "Publicidade corporativa-cartelería".

- Indicar o número de expediente ou copia da correspondente **comunicación previa** presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo, coa finalidade de que o servizo de Participación Cidadá solicite un informe de conformidade emitido por dita Xerencia.

- No suposto de obras suxeitas a **licenza urbanística**, presentárase o número de expediente ou copia da licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

- No suposto de nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inventariables e inscribibles nun rexistro público, a **inscripción no Rexistro da Propiedade**. Na mesma deberá figurar, necesariamente, o destino do/s ben/s ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin que, como mínimo, será de cinco anos.

- Cando o obxecto subvencionado sexa a adquisición dun ben inmovible, deberá achegarse **escritura de compravenda**, na que deberán figurar os extremos indicados no apartado anterior.

- De ser o caso, os **tres orzamentos** que, en aplicación do art. 31.3 da LXS debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 € na execución de obras. Non serán esixibles cando os gastos en obras se tiveran realizado con anterioridade á solicitude desta subvención.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.

6. Declaración responsable.

7. Relación clasificada dos gastos subvencionados no programa IV de Obras.

8. Sinatura dixital do/a representante da entidade

4. Anexo XII “Memoria de actividades 2022”, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s outorgadas, e na que deberá figurar, como mínimo, a seguinte información:

1. Breve referencia sobre en que medida a subvención, por cada un dos programas subvencionado, contribuíu ao desenvolvemento das actividades da entidade beneficiaria

2. Descrición das actuacións ou actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado

- Denominación da actividade
- Datas e lugar de celebración
- Número de participantes ou colectivo destinatarios
- Recursos empregados (materiais e humanos)
- Nos cursos de formación (novas tecnoloxías, idiomas, educación...), detallarase, brevemente, o programa do curso xunto coa identificación do monitor
- Material publicitario empregado para a súa difusión (carteis, anuncios en prensa...)
- Calquera outra documentación complementaria

Este Anexo XII) poderá substituírse por unha memoria de actividades en formato libre, sempre e cando, se inclúan os datos solicitados e se faga mención a cada unha das activi-



Concello de Vigo

dades detalladas no Anexo II) presentado no momento da solicitude (“Proxecto de Actividades”).

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da referida Lei.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento e estudo da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que se incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, dando lugar a súa desestimación, desistimento ou caducidade da solicitude de aboamento, así como, a renuncia á subvención.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, por tratarse de gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude, admítase unha variación de ata un máximo do 15% nos importes parciais do proxecto de referencia no Programa I (“Gastos de Mantemento”). No caso de superarse este importe dará lugar, en todo caso, a unha redución proporcional da cantidade outorgada.

DÉCIMO QUINTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida polo servizo de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

DÉCIMO SEXTA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificada.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas subvencionados.

DÉCIMO SÉTIMA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCiónS. RÉXIME DE INFRACCIónS E SANCiónS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Cuarta
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Concorrencia de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

Procederá a revogación parcial, por Programas, cando os incumprimentos a que se refire o apartado anterior se produzan unicamente respecto dun dos Programas para os que obtivo subvención.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a



Concello de Vigo

efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da Lei Xeral de Subvencións. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do asociacionismo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2022

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentas de levar entre o **1 de novembro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022**.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:



Concello de Vigo

- **Programa I:** Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- **Programa II:** Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- **Programa III:** Gastos en investimento. Equipamento.
- **Programa IV:** Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmobles

c) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as **entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. Para dar cumprimento a este requisito, a persoa que ostente o cargo de secretario/a deberá achegar unha certificación nos que se contemplan estes términos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo nos termos establecidos na Base 6.2.1 desta convocatoria.
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitud a documentación preceptiva detallada na Base novena.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior ("Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles").

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

1- Programa I: "Gastos de mantemento": gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministros:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos...

- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación...
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades...
- **Taxas:** lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados)...
- **Material funxible:** consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina...
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación :** avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería...
- **Investimento na adaptación da actividade asociativa á normativa de protección e prevención fronte ao COVID-19:** máscaras, xel hidroalcohólico, desinfección...
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **gastos do persoal contratado para a xestión e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.**

2- II: “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base imponible + IVE) e os gastos derivados do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida.

3- Programa III :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (*considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade*);

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz....
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores...
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas...
- **Material COVID-19:** equipamento que puidese ser preciso coa finalidade de garantir a continuidade ou adaptación de novos servizos á cidadanía como consecuencia da COVID-19: mamparas, expendedor de xel, purificador de aire....
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

4- Programa IV: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmóveis”:

- Adquisición, **obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmóveis e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- **Inversións realizadas nas instalacións e no entorno dos locais sociais como consecuencia das medidas adoptadas para dar cumprimento ás esixencias derivadas da COVID-19.**



Concello de Vigo

- **Obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares.**
- Poderán incluírse, como **gastos indirectos**, ata un máximo dun 20% do orzamento presentado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrais, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesma.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **416.840,00 € (catrocentos dezaseis mil oitocentos corenta euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 242.190,00 € (douscentos corenta e dous mil cento noventa euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de **6.000 € no Programa I e 4.000 € para o Programa II.**

2.- Programas III e IV: 174.650,00 € (cento setenta e catro mil seiscientos cincuenta euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SEXTA.- SOLICITUDE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por Internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, previa ponderación das solicitudes recibidas e tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- o Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos
- o Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- o Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2021): Ata 5 puntos
- o Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos.

Valorarase o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.



Concello de Vigo

- Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.
- Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
- Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

e) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 por Programa.

- Custe do proxecto achegado para cada un dos Programas: Ata 25 puntos
- Mellora da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas ou tecnolóxicas: Ata 5 puntos

f) **Colaboración das entidade coa acción da Administración Local.** Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados na Xestión de Expedientes relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...): Ata 10 puntos
- Experiencia, traxectoria e participación en outros programas municipais: Ata 10 puntos

g) **Xustificación das subvencións.**- Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas. Calculase tendo en conta a calidade da xustificación presentada e, se os proxectos subvencionados xustificáronse ao 100 % ou aplicóuselle algunha redución proporcional.

OITAVA.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal técnico de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Festas
- 2 Vogais: A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa, e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

3- As solicitudes avalíaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos

preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XIII**, aprobado con estas bases.

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 30 de setembro de 2022.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais



Concello de Vigo

documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. **O criterio para verificar que os gastos foron realizados dentro do período subvencionable será o da data da factura ou documento xustificativo que se presente.**

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular no sexa a entidade beneficiaria.**

Excepcionalmente, admitirase a presentación de pagos en efectivo nos Programa I e III, pero sempre respectando os seguintes límites:

- **Programa I. Gastos de Mantemento: se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 50 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.**
- **Programa III. Gastos en equipamento: se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 250 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.**

Para xustificar este tipo de pagos, achegarse un recibo no que conste que o emisor/proveedor recibiu o importe, con identificación da factura que lle corresponda, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto se deixe constancia de que se recibiu o importe debido e a data de dita transición.

DÉCIMA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 - RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén

poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de 00/00/2022, polo que se convocan as subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2022.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS



Concello de Vigo

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as **entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- OBXECTO

A convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o **1 de novembro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022**.

Considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

1- Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministros:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos...
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, xestería ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación...
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades...
- **Taxas:** lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados)...
- **Material funxible:** consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina...
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación :** avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería...
- **Investimento na adaptación da actividade asociativa á normativa de protección e prevención fronte ao COVID-19:** máscaras, xel hidroalcohólico, desinfección...
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **gastos do persoal contratado para a xestión e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.**

2.- Programa II: “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base imponible + IVE) e os gastos derivados do

Imposto de Bens Inmóveis (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida.

3- Programa III :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (*considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade*);

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz....
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores...
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas...
- **Material COVID-19:** equipamento que puidese ser preciso coa finalidade de garantir a continuidade ou adaptación de novos servizos á cidadanía como consecuencia da COVID-19: mamparas, expendedor de xel, purificador de aire....
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

4- Programa IV: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmoables”:

- Adquisición, **obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmoables e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- **Inversións realizadas nas instalacións e no entorno dos locais sociais como consecuencia das medidas adoptadas para dar cumprimento ás esixencias derivadas da COVID-19.**
- **Obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares.**
- Poderán incluírse, como **gastos indirectos**, ata un máximo dun 20% do orzamento presentado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrais, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesma.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/2022, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **416.840,00 € (catrocentos dezaseis mil oitocentos corenta euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 242.190,00 € (douscentos corenta e dous mil cento noventa euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non



Concello de Vigo

poderá superar, en ningún caso, o límite de **6.000 € no Programa I e 4.000 € para o Programa II.**

2.- Programas III e IV: 174.650,00 € (cento setenta e catro mil seiscientos cincuenta euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada "Subvencións Capital Asociacións e Atrios" do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €.

QUINTA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

15(328).- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ OUTORGADA (PROGRAMA II. EQUIPAMENTO) Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CAMIÑO VELLO NO ANO 2021. EXPTE. 10533/320.

Visto o informe de fiscalización do 27/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 21/01/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral e o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de "Outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, para o ano 2021"

(expediente número 10077-320) outorgar á **Asociación de Veciños de Camiño Vello** (CIF: 36648186) a seguinte subvención para:

- CONCEDER á entidade que de seguido se relaciona a seguinte subvención:

PROGRAMA I e II	PUN- TOS	ORZAMEN- TO	SUBVENCIÓN
Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Investimento COVID. Lixadora.	63	4.759,08 €	4.759,08 €
Material Informático.	62	4.300,00 €	2.855,21 €

Con data 29/10/21 , (doc núm: 210218535 - 210218503) a entidade presentou a memoria xustificativa da axuda outorgada onde solicita o aboamento da contía correspondente.

Por un lado, tramitouse o pago da subvención outorgada para o Programa I de Gastos de Mantemento, co número de expediente 10433-320, o cal, unha vez informado favorablemente, foi remitido ao servizo de Intervención para o seu pago.

Por outro lado, iniciouse o expediente de pago da subvención outorgada para o Programa II de Gastos de Mantemento, co número de expediente 10434-340, si ben unha vez examinada a documentación presentada, aprecíuse que a entidade beneficiaria non cumpría co establecido na Base reguladora 14^a "Prazo e forma de xustificación da subvención outorgada":

1.- Anexo VIII. 7: Relación clasificada dos gastos en cada un dos programas subvencionados (táboa 6): conforme ás bases "en dita relación xustificárase gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade". Neste caso, o importe presentado na relación de gastos, non reflicte o importe total do proxecto (4.300,00 €) que serviu de base para a concesión da subvención.

2.- "Así mesmo, conforme ás bases, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas** e asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada" (2.855,21 €)

2.1.- Unha vez examinada a factura presentada (2.855,21 €), queda acreditado que os gastos foron realizados dentro do período subvencionable, si ben, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación:

"Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario).



Concello de Vigo

Excepcionalmente, admitirase a presentación de pagos en efectivo. Para xustificar este tipo de pagos, achegarase un recibo no que conste que o emisor/provedor recibiu o importe, con identificación da factura que lle corresponda, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto se deixe constancia de que se recibiu o importe debido e a data de dita transición”.

Polo anteriormente exposto, NON PROCEDE estimar o gasto da factura presentada, pagada en efectivo, debido ao elevado importe da mesma non constando xustificación ningunha para poder aplicar a excepcionalidade prevista.

Conforme a Base 18ª.a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa **revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases convocatoria e, en particular de :**

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta a termos da base décimo terceira
- **As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións**
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas bases
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condición requiridas para iso.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

INFORMO

De conformidade co anteriormente exposto resulta procedente **iniciar un expediente de revogación da subvención outorgada** para fomento do asociacionismo e da participación cidadá a prol da Asociación de Veciños de Camiño Vello (CIF: G36648186), xa que, salvo proba en contrario, apréciase a concorrenza de determinadas circunstancias establecidas na Base 18ª da convocatoria que determinan a perda do dereito ao cobro da subvención.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- **Perda do dereito ao cobro:**

De acordo co disposto no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 89 do seu Regulamento, producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37. A tal efecto, a letra f) sinala como unha destas causas: *o incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao xeito en que se teñan que acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención; e a letra i) engade: nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

Xa que logo e, en consonancia co exposto no informe anteriormente transcrito, procedeuse mediante orde de inicio de expediente asinada polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas de data 17.02.2022, ao inicio do procedemento de revogación e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a prol da entidade **Asociación de Veciños de Camiño Vello (CIF: 36648186) unha subvención para o Programa II por gastos en equipamento (“Material informático”) no ano 2021 por importe de 2.855,21 €.**

Mediante notificación asinada pola técnica de administración xeral en data 18/02/2022, co conforme do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de 10 días a asociación puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Dende a recepción da devandita notificación (segundo o acuse de recibo electrónico de data 21.02.2022) **non consta que se teña achegado ningunha documentación ata a data por parte da entidade interesada unha vez transcorrido amplamente o prazo outorgado.**

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso



Concello de Vigo

contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobro da subvención outorgada á Asociación de Veciños de Camiño Vello (CIF: 36648186) para o Programa II de gastos en equipamento ("Material informático") por un importe de 2.855,21 €, debido ao incumprimento dos requisitos establecidos na Base 14ª "Prazo e forma de xustificación" e as circunstancias previstas na Base 18ª da convocatoria de dita subvención.

A presente declaración da perda do dereito ao cobro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

2º.- Notificar o presente acordo á interesada no expediente, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(329).- SOLICITUDE DE ABONO DE DIFERENCIA RETRIBUTIVA DOS POLICÍAS LOCAIS CON NP 84299, 84302 E 83998. EXPTE. 37191/220

Visto o informe de fiscalización do 03/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 20/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con as datas de rexistro que figuran no expediente, o Sr. Pena Pereira, o Sr. Pérez Pérez e o Sr. González Fortes, solicitan o abono das diferencias de retribucións entre o posto de funcionario en prácticas e as funcións que afirman desenvolveron como funcionarios en activo como policía local. Elo durante o período que abarca dende o día 03/07/2020 ata o día 09/09/2020.

II.- Solicitado informe á xefatura da Policía Local, o mesmo foi emitido en data 28/05/2021, constando anexado ao expediente e nel se afirma: “... *Comunícolle que, no período requirido entre o 3 de xullo e o 9 de setembro do 2020, os funcionarios que a continuación se relacionan, desenvolveron as funcións que corresponden ó posto de policía local :*

Sr. D. L. Pena Pereira, número de persoal 84299.

Sr. B. Pérez Pérez, número de persoal 83998.

Sr. J. C. González Fortes, número de persoal 84302.

III.- Solicitado informe técnico sobre as diferencias retributivas entre funcionarios en prácticas e as correspondentes ao posto de policía local, en relación cos funcionarios que constan no anexo do informe asinado polo Intendente xefe de policía local (trámite 47 do expediente) e durante o período indicado (3 de xullo ao 9 de setembro de 2020, ambos inclusive), se informa que: “*Vista a petición de cuantificación en relación coas cantidades deixadas de percibir polos funcionarios indicados no referido expediente, durante o período de prácticas do 03/07 a 09/09/2020, por realización de funcións como Policía, infórmase que as cantidades a abonar son as seguintes:*

	CE	CD	PE CE	PE	
84299	1811,62	1066,75	305,56	179,92	3.363,85
83998	1811,62	1066,75	305,56	179,92	3.363,85
84302	1811,62	1066,75	305,56	179,92	3.363,85

O que supón un total de 10.091,55 €.”

NORMATIVA DE APLICACIÓN

I.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei de Bases do Réxime Local.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- RD 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Concello de Vigo

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Lexislación aplicable.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de retribucións dos funcionarios locais deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local: "*Los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley, por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empregado Público (actualmente TR 5/2015), por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación del las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18ª de la Constitución.*

-o artigo 93 do mesmo corpo legal: "*Las retribuciones básicas de los **funcionarios locales** tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.*

Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el pleno de la corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado.

Las Corporaciones locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública."

Así mesmo, tamén é preciso ter en conta o RD 158/1996, de 2 de febreiro (que modifica o RD 861/1986, de 25 de abril), sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios da Administración Local. Pola súa parte, a STS de 23 de xullo de 1996 ratifica o carácter básico de estas retribucións e, por conseguinte, a necesidade de adecuarse aos criterios fixados para a Administración do Estado.

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

III.- Funcionarios en prácticas.-

Son funcionarios en prácticas aqueles que se encontran en período de prácticas o desenvolvendo cursos selectivos de cara a súa posterior incorporación a la función pública.

De conformidade co establecido no artigo 26 do TRLEBEP, "Las Administraciones Públicas determinarán las retribuciones de los funcionarios en prácticas que, como mínimo, se corresponderán a las del sueldo del Subgrupo o Grupo, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, en que aspiren a ingresar"

De acuerdo con lo establecido en el Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, tras seu nomeamento como tales, "percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo."

No artigo 2 do citado Real Decreto "Los funcionarios en prácticas que ya estén prestando servicios remunerados en la Administración como funcionarios de carrera o interinos o como personal laboral deben optar, al comienzo del período de prácticas, o del curso selectivo, por



Concello de Vigo

percibir, con cargo al Departamento ministerial u organismo público al que estén adscritos los puestos de trabajo de origen:

a) *Las retribuciones correspondientes al puesto que estén desempeñando hasta el momento de su nombramiento como funcionarios en prácticas, además de los trienios que tuvieran reconocidos.*

b) *Las previstas en el artículo anterior, además de los trienios reconocidos. No obstante, si durante este período se desempeñara un puesto de trabajo como funcionario en prácticas, el abono de las retribuciones corresponderá al Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.*

En todo caso, estos funcionarios en prácticas deberán reincorporarse, una vez finalizado el curso selectivo o período de prácticas, a su puesto de trabajo de origen hasta su toma de posesión como funcionario de carrera en el nuevo cuerpo o escala, sin perjuicio de lo dispuesto en la disposición adicional quinta del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado.”

IV.- Aplicación ao caso concreto.-

No presente caso os solicitantes que constan no antecedente primeiro de este informe reclaman o abono durante o período do 3 de xullo ao 9 de setembro de 2020, o 100% das retribucións correspondentes aos funcionarios en activo, toda vez que se atopan prestando servizo activo no horario asignado pola xefatura e na quenda tamén asignada.

Á vista dos feitos expostos e preciso acudir para resolver a cuestión ao Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, o cal no seu artigo 1º determina que:

“ Quienes, a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, se encuentren en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de los previstos en el artículo 22 del Real Decreto 2223/1984, de 19 de diciembre, serán nombrados funcionarios en prácticas, y percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, **si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto**, y las retribuciones serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.”

Partindo dunha interpretación literal do precepto entendo que a única premisa fáctica a ter en conta para resolver a cuestión é si os funcionarios en prácticas realizaron as prácticas desenvolvendo ou non o posto de traballo, xa que logo si este feito se producira, é dicir, si os funcionarios en prácticas desenvolveron funcións idénticas ás realizadas polos outros funcionarios do servizo, entendo que procedería estimar a solicitude. O que resultaría contradictorio é que a Administración recoñecera a un funcionario capacidade ou aptitude suficiente para o desenvolvemento dun determinado posto de traballo e, simultaneamente, lle negara os dereitos retributivos económicos inherentes ou vinculados a ese mesmo posto, podendo incluso neste suposto, chegar a producir un resultado difícil de xustificar dende a perspectiva do principio de igualdade ao supoñer dar un diferente trato retributivo aos que

desenvolven iguais cometidos e xerar unha situación de diferenza retributiva a pesar de que o cometido funcional estivera referido a idénticas actividades e funcións.

Neste caso a pesar de que non temos un nomeamento oficial, nin unha orde por escrito de que os solicitantes desenvolvan as funcións, xa non como funcionarios en prácticas, se non como o resto dos funcionarios do servizo, desenvolvendo as funcións propias do posto de traballo; si temos un recoñecemento por parte do Intendente da Policía local que afirma que *“entre o 3 de xullo e o 9 de setembro do 2020, os funcionarios que a continuación se relacionan, desenvolveron as funcións que corresponden ó posto de policía local :*

Sr. D. L. Pena Pereira, número de persoal 84299.

Sr. B. Pérez Pérez, número de persoal 83998.

Sr. J. C. González Fortes, número de persoal 84302.”

En consecuencia, procede estimar a solicitude presentada, acordando o dereito dos mesmos a percibir o abono das diferenzas retributivas referidas durante o período indicado.

En canto a contía que correspondería satisfacer, consta informe de cuantificación económica no expediente: *“Vista a petición de cuantificación en relación coas cantidades deixadas de percibir polos funcionarios indicados no referido expediente, durante o período de prácticas do 03/07 a 09/09/2020, por realización de funcións como Policía, infórmase que as cantidades a abonar son as seguintes:*

	CE	CD	PE CE	PE	
84299	1811,62	1066,75	305,56	179,92	3.363,85
83998	1811,62	1066,75	305,56	179,92	3.363,85
84302	1811,62	1066,75	305,56	179,92	3.363,85

O que supón un total de 10.091,55 €.”

V.-Someteamento á fiscalización previa preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.



Concello de Vigo

- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VI.- Réxime competencial e proposta de acordo

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar, en base aos informes emitidos no presente expediente, as solicitudes presentadas, acordando o dereito a percibir, durante o período que abarca dende o 03/07/2020 a 09/09/2020, o abono das diferencias retributivas entre os postos de policía local en prácticas e as correspondentes ao posto de policía local en activo dos funcionarios seguintes:

- *Sr. D. L. Pena Pereira, número de persoal 84299.*
- *Sr. B. Pérez Pérez, número de persoal 83998.*
- *Sr. J. C. González Fortes, número de persoal 84302.*

SEGUNDO.- En consecuencia acordar o abono polo concepto indicado a cantidade de 10.091,55 €; 3.363,85 € para cada un de eles.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao Comité de Persoal, aos interesados, ao Xefe de Seguridade e Mobilidade, Xefatura Policía local, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(330).- SOLICITUDE DE ABONO DE DIFERENCIA RETRIBUTIVA DO POLICÍA LOCAL CON NP 84292. EXPTE. 37688/220

Visto o informe de fiscalización do 03/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 20/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con a data de rexistro que figura no expediente, o Sr. García Miguelez, solicita o abono das diferencias de retribucións entre o posto de funcionario en prácticas e as funcións que afirman desenvolveron como funcionarios en activo como policía local. Elo durante o período que abarca dende o día 03/07/2020 ata o día 09/09/2020.

II.- Solicitado informe á xefatura da Policía Local, o mesmo foi emitido polo Intendente Xefe da Policía Local en data 25/05/2021, constando anexado ao expediente e nel se afirma: “... *Comunícolle que, no período requirido entre o 3 de xullo e o 9 de setembro do 2020, o funcionario D. J. García Miguélez número de persoal 84292, desenvolveu exactamente as funcións propias do servizo da Policía Local*”.

III.- Solicitado informe técnico sobre a diferenza retributiva entre funcionario en prácticas e as correspondentes ao posto de policía local, en relación co funcionario solicitante, se informa que: “*Vista a petición de cuantificación en relación coas cantidades deixadas de percibir por D. J. García Miguelez no referido expediente, durante o período de prácticas do 03/07 a 09/09/2020, por realización de funcións como Policía, infórmase que as cantidades a abonar son as seguintes:*

	<i>CE</i>	<i>CD</i>	<i>PE CE</i>	<i>PE</i>	
84292	<i>1811,62</i>	<i>1066,75</i>	<i>305,56</i>	<i>179,92</i>	3.363,85

O que supón un total de 3.363,85 €.”

NORMATIVA DE APLICACIÓN

I.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei de Bases do Réxime Local.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- RD 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Lexislación aplicable.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de retribucións dos funcionarios locais deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local: *“Los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley, por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (actualmente TR 5/2015), por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación del las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18ª de la Constitución.*

-o artigo 93 do mesmo corpo legal: *“Las retribuciones básicas de los **funcionarios locales** tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función publica.*

Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el pleno de la corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado.

Las Corporaciones locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.”

Así mesmo, tamén é preciso ter en conta o RD 158/1996, de 2 de febreiro (que modifica o RD 861/1986, de 25 de abril), sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios da Administración Local. Pola súa parte, a STS de 23 de xullo de 1996 ratifica o carácter básico de estas retribucións e, por conseguinte, a necesidade de adecuarse aos criterios fixados para a Administración do Estado.

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(.....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

III.- Funcionarios en prácticas.-

Son funcionarios en prácticas aqueles que se encontran en período de prácticas o desenvolvendo cursos selectivos de cara a súa posterior incorporación a la función pública. De conformidade co establecido no artigo 26 do TRLEBEP, "Las Administraciones Públicas determinarán las retribuciones de los funcionarios en prácticas que, como mínimo, se corresponderán a las del sueldo del Subgrupo o Grupo, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, en que aspiren a ingresar"

De acordo con lo establecido en el Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, tras seu nomeamento como tales, "percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo."

No artigo 2 do citado Real Decreto "Los funcionarios en prácticas que ya estén prestando servicios remunerados en la Administración como funcionarios de carrera o interinos o como



Concello de Vigo

personal laboral deben optar, al comienzo del período de prácticas, o del curso selectivo, por percibir, con cargo al Departamento ministerial u organismo público al que estén adscritos los puestos de trabajo de origen:

a) *Las retribuciones correspondientes al puesto que estén desempeñando hasta el momento de su nombramiento como funcionarios en prácticas, además de los trienios que tuvieran reconocidos.*

b) *Las previstas en el artículo anterior, además de los trienios reconocidos. No obstante, si durante este período se desempeñara un puesto de trabajo como funcionario en prácticas, el abono de las retribuciones corresponderá al Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.*

En todo caso, estos funcionarios en prácticas deberán reincorporarse, una vez finalizado el curso selectivo o período de prácticas, a su puesto de trabajo de origen hasta su toma de posesión como funcionario de carrera en el nuevo cuerpo o escala, sin perjuicio de lo dispuesto en la disposición adicional quinta del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado.”

IV.- Aplicación ao caso concreto.-

No presente caso o solicitante que consta no antecedente primeiro de este informe reclama o abono durante o período do 3 de xullo ao 9 de setembro de 2020, o 100% das retribucións correspondentes aos funcionarios en activo, toda vez que se atopan prestando servizo activo no horario asignado pola xefatura e na quenda tamén asignada.

Á vista dos feitos expostos e preciso acudir para resolver a cuestión ao Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, o cal no seu artigo 1º determina que:

“ Quienes, a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, se encuentren en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de los previstos en el artículo 22 del Real Decreto 2223/1984, de 19 de diciembre, serán nombrados funcionarios en prácticas, y percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, **si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto**, y las retribuciones serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.”

Partindo dunha interpretación literal do precepto entendo que a única premisa fáctica a ter en conta para resolver a cuestión é si os funcionarios en prácticas realizaron as prácticas desenvolvendo ou non o posto de traballo, xa que logo si este feito se producira, é dicir, si os funcionarios en prácticas desenvolveron funcións idénticas ás realizadas polos outros funcionarios do servizo, entendo que procedería estimar a solicitude. O que resultaría contradictorio é que a Administración recoñecera a un funcionario capacidade ou aptitude suficiente para o desenvolvemento dun determinado posto de traballo e, simultaneamente, lle negara os dereitos retributivos económicos inherentes ou vinculados a ese mesmo posto, podendo incluso neste suposto, chegar a producir un resultado difícil de xustificar dende a

perspectiva do principio de igualdade ao supoñer dar un diferente trato retributivo aos que desenvolven iguais cometidos e xerar unha situación de diferenza retributiva a pesar de que o cometido funcional estivera referido a idénticas actividades e funcións.

Neste caso a pesar de que non temos un nomeamento oficial, nin unha orde por escrito de que os solicitantes desenvolvan as funcións, xa non como funcionarios en prácticas, se non como o resto dos funcionarios do servizo, desenvolvendo as funcións propias do posto de traballo; si temos un recoñecemento por parte do Intendente da Policía local que afirma que *“no período requirido entre o 3 de xullo e o 9 de setembro do 2020, o funcionario D. J. García Miguélez número de persoal 84292, desenvolveu exactamente as funcións propias do servizo da Policía Local.”*

En consecuencia, procede estimar a solicitude presentada, acordando o dereito do solicitante a percibir o abono das diferenzas retributivas referidas durante o período indicado.

En canto a contía que correspondería satisfacer, consta informe de cuantificación económica no expediente: *“Vista a petición de cuantificación en relación coas cantidades deixadas de percibir por D. J. García Miguélez no referido expediente, durante o período de prácticas do 03/07 a 09/09/2020, por realización de funcións como Policía, infórmase que as cantidades a abonar son as seguintes:*

	CE	CD	PE CE	PE	
84292	1811,62	1066,75	305,56	179,92	3.363,85

O que supón un total de 3.363,85 €.”

V.-Sometemento á fiscalización previa preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”



Concello de Vigo

VI.- Réxime competencial e proposta de acordo

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar, en base aos informes emitidos no presente expediente, a solicitude presentada, acordando o dereito a percibir, durante o período que abarca dende o 03/07/2020 a 09/09/2020, o abono das diferencias retributivas entre o posto de policía local en prácticas e as correspondentes ao posto de policía local en activo do funcionario seguinte:

- *D. J. García Miguélez número de persoal 84292*

SEGUNDO.- En consecuencia acordar o abono polo concepto indicado da cantidade de 3.363,85 €.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao Comité de Persoal, ao interesado, ao Xefe de Seguridade e Mobilidade, Xefatura Policía local, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(331).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN, PARA O FINANCIAMENTO DO "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2022". EXPTE. 4350/330.

Visto o informe xurídico do 12/04/2022 e o informe de fiscalización do 28/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 25/03/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 2 de marzo do 2022, a "Asociación Cultural Abella Producións" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2022"; por este motivo, o día 14 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase a tramitación do expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S" é unha asociación sen ánimo de lucro que organiza dende o ano 2017 o "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL", evento de cinema e cultura freak definitivo. Un festival que amosa unha cuidada selección nacional e internacional de pezas audiovisuais que adoitan verse privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, así como grandes estreas mundiais, internacionais e nacionais. O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grandísima calidade que aínda non gozaron dunha distribución idónea. Do mesmo xeito, estas obras leváronse a cabo grazas ao financiamento tanto público como privado de entidades, empresas e persoas de Galicia. Polo tanto, un dos principais obxectivos desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para creadores/as do sector audiovisual, pero sobre todo un punto de encontro e de debate co seu público natural, o público galego.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Datas: 23 e 24 de setembro e do 28 de setembro ao 1 de outubro de 2022

Sedes: Sala Videodrome e Auditorio Municipal do Concello de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 32.320 € (trinta e dous mil trescentos vinte euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 11.000 €
- AGADIC: 5.000 €
- ICAA: 2.000 €
- Patrocinios: 6.500 €
- Fondos propios da entidade: 1.500 €
- Entradas merchandising: 1.820 €
- Actividades: 500 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:



Concello de Vigo

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de alegacións ao texto do convenio, presentado na sede electrónica o día 25 de marzo de 2022.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación Cultural Abella Producións" para o financiamento do programa do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2022" a realizar durante o exercicio 2022, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación Cultural Abella Producións" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación Cultural Abella Producións" ten como obxecto financiar a organización do programa do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2022" a realizar durante o exercicio 2022, figurando na aplicación **3340.480.00.22** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación Cultural Abella Producións" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 € (catro mil euros) á "Asociación Cultural Abella Producións", CIF. G-2787770, para o financiamento do programa do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2022" a realizar durante o exercicio 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22 "SUBVENCIÓN FREAKY FILM FESTIVAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación Cultural Abella Producións" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2022".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN S", PARA O FINANCIAMENTO DO GALICIAN FREAKY FESTIVAL 2022

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de x, uño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Juan de Castro García, na súa condición de presidente da "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN S**" (CIF: G-27877703) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Urzáiz núm. 92, 1ºB Drta, CP 36204 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a entidade "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN S**" é unha asociación sen ánimo de lucro que organiza dende o ano 2017 o "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL", evento de cinema e cultura freak definitivo. Un festival que amosa unha cuidada selección nacional e internacional de pezas audiovisuais que adoitan verse privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, así como grandes estreas mundiais, internacionais e nacionais. O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grandísima calidade que aínda non gozaron dunha distribución idónea. Do mesmo xeito, estas obras leváronse a cabo grazas ao financiamento tanto público como privado de entidades, empresas e persoas de Galicia. Polo tanto, un dos principais obxectivos desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para creadores/as do sector audiovisual, pero sobre todo un punto de encontro e de debate co seu público natural, o público galego.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN S**", como medio que é de promover a cultura na cidade.*

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.22, como subvención nominativa, a favor da "ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN", a cantidade de 4.000 euros.

IV.- Que a "ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa do GALICIAN FRAKY FILM FESTIVAL durante o exercicio 2022, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 32.320 € (trinta e dous mil trescentos vinte euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 11.000 €
- AGADIC: 5.000 €
- ICAA: 2.000 €
- Patrocinios: 6.500 €
- Fondos propios da entidade: 1.500 €
- Entradas merchandising: 1.820 €
- Actividades: 500 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Datas: 23 e 24 de setembro e do 28 de setembro ao 1 de outubro de 2022

Sedes: Sala Videodrome e Auditorio Municipal do Concello de Vigo



Concello de Vigo

Todo isto en función da situación sanitaria e dentro das limitacións establecidas polas autoridades sanitarias por mor do COVID.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Juna de Castro García, presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente poliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**

10.Cumplir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.



Concello de Vigo

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables,

que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte



Concello de Vigo

afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA



Concello de Vigo

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2022, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2022

ORZAMENTO GASTOS SUBVENCIONABLES				
CONCEPTO		Cantidades / Prezos unil.	Sen IVE	Con IVE
Publicidade e difusión	Publicidade en medios	1ud anuncio x 123,97 €	123,97 €	150,00 €
	Redes	10uds publicidade x 16,52 €	165,29 €	200,00 €
	Imprenta	200 carteis A2 x 2,47 €	495,87 €	600,00 €
	Instalacións na rúa	5 impres. vinilos x 165,28 €	826,45 €	1.000,00 €
	Servicios dixitais/virtuais	1 servizo x 826,45 €	826,45 €	1.000,00 €
	Comunicación, servizos	1 servizo x 1.611,57 €	1.611,57 €	1.950,00 €
	Outros soportes gráficos	100 camisetas x 4,21 €	421,49 €	510,00 €
	TOTAL PUBLICIDADE E DIFUSIÓN			4.471,07 €
Produción	Salas	1 salas x 4 días x 1.652,89 €	1.652,89 €	2.000,00 €
	Alugueros equipos	1ud pantalla x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Alugueros audio	1ud audio x 330,58 €	330,58 €	400,00 €
	Servizos varios	1 serv. Producción x 1033,06 €	1.033,06 €	1.250,00 €
TOTAL PRODUCCIÓN			3.429,75 €	4.150,00 €
Servicios Profesionais	Deseñador 1	1ud imaxe gráfica x 991,74 €	991,74 €	1.200,00 €
	Deseñador 2	1ud ilustracións x 371,90 €	371,90 €	450,00 €
	Artistas e convidados profesionais	2 part. x 378,10 €	756,20 €	915,00 €
	Decoración	1ud decoradora x 1157,02 €	1.157,02 €	1.400,00 €
	Produción	1ud produtor x 1157,02 €	1.157,02 €	1.400,00 €
	Programación	3 ud curador x 275,48 €	826,45 €	1.000,00 €
	Fotografía	1 fotografo x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Video	1 cámara x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Edición Fotografía e Video	1 vídeo editado x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Salario Axtes Dirección	2ud Axte x 619,83 €	1.239,67 €	1.500,00 €
	Monitores e técnicos de sala	4 monitores sala x 72,31 €	289,26 €	350,00 €
	Comunicación Prensa	1 respon. prensa x 578,51 €	578,51 €	700,00 €
	Comunicación RRSS	1 respon. RRSS x 826,45 €	826,45 €	1.000,00 €
Soporte Técnico	1 respon. técnico x 1.239,47 €	1.239,67 €	1.500,00 €	
TOTAL SERVICIOS PROFESIONAIS			10.673,55 €	12.915,00 €
Xestións de películas e dereitos de exhibición	Dereitos de exhibición	8 scren fee x 134,29 €	1.074,38 €	1.300,00 €
	Envíos e xestión	6 envíos x 27,548 €	165,29 €	200,00 €
TOTAL XESTIÓN DE PELÍCULAS E D. DE EXHIBICIÓN			1.239,67 €	1.500,00 €
Gastos de Subtitulación	Coordinación Subtitulado	1ud prof. x 2.644,63 €	2.644,63 €	3.200,00 €
	TOTAL GASTOS SUBTITULACIÓN			2.644,63 €
Premios e galardóns	Elaboración de estatuillas	8 uds x 87,80 €	702,48 €	850,00 €
TOTAL PREMIOS E GALARDÓN			702,48 €	850,00 €
Viaxes, dietas e protocolo	Aloxamento	25 hab/noites x 49,56 €	991,74 €	1.200,00 €
	Protocolo	1 servizo x 330,58 €	330,58 €	400,00 €
	Transporte	10 uds x 49,58 €	495,87 €	600,00 €
TOTAL VIAJES, DIETAS E PROTOCOLO			1.818,18 €	2.200,00 €
TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES			24.979,34 €	30.225,00 €
ORZAMENTO GASTOS NON SUBVENCIONABLES				
CONCEPTO			Sen IVE	Con IVE
Salarios	Salario Director		1.359,50 €	1.645,00 €
Gastos da actividade	Catering e comidas		82,64 €	100,00 €
% Gastos relacionados coa actividade que dependen da entidade	Teléfono+Internet		41,32 €	50,00 €
	Seguro de RC		165,29 €	200,00 €
	Asesoría		82,64 €	100,00 €
TOTAL GASTOS NON SUBVENCIONABLES			1.731,40 €	2.095,00 €
TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES				
TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES			24.979,34 €	30.225,00 €
TOTAL GASTOS NON SUBVENCIONABLES			1.731,40 €	2.095,00 €
TOTAL GASTOS			26.710,74 €	32.320,00 €



Concello de Vigo

PREVISIÓN DE INGRESOS		
SUBVENCIÓN SOLICITADA Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	9.090,91 €	11.000,00 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA AO AGADIC	4.132,23 €	5.000,00 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA AO ICAA	1.652,89 €	2.000,00 €
SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CONCELLO DE VIGO	3.305,79 €	4.000,00 €
PATROCINIOS	5.371,90 €	6.500,00 €
FONDOS PROPIOS	1.239,67 €	1.500,00 €
INGRESOS ENTRADAS + MERCHANDISING	1.504,13 €	1.820,00 €
INGRESOS ACTIVIDADES	413,22 €	500,00 €
TOTAL INGRESOS	26.710,74 €	32.320,00 €

19(332).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DA ÁREA DE REPARTO EN SUNC AR-I-01 BARRIO DO CURA. EXPTE. 5282/401.

Dáse conta do informe-proposta do 21/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Oficina de Planeamento, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e polo xerente de Urbanismo, sometido ao Consello da Xerencia de Urbanismo do 26/04/2022, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES E FEITOS

I.- O Concello de Vigo conta cun Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993). Asemade, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019 ao abeiro da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG do 26.08.2019 e BOP do 20.09.2019). O ámbito obxecto da modificación puntual non está afectado por ese Instrumento de Ordenación Provisional. O Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello foi aprobado definitivamente o 12.04.2007 (DOG do 06.06.2007 e BOP do 18.05.2007).

Logo da preceptiva tramitación consonte á normativa de aplicación, con información pública e oficial, con data do 23.07.2021 o Pleno do Concello de Vigo, acordaba prestar aprobación, con carácter definitivo, á Modificación puntual do PXOU/1993, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, instrumento de iniciativa pública promovido por esta administración, documentación presentada polo equipo redactor no rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 30.06.2021 (Cod. Sol.: W572571-5583), na súa versión definitiva e que inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, datada en xuño de 2021, e asinada dixitalmente con firma válida polo arquitecto D. Alfonso Penela Fernández con data 29.06.2021.

Dito acordo de aprobación definitiva, foi publicado no DOG núm. 160 do 20.08.2021, a súa normativa no BOP núm. 217, do 11.11.2021, e figura inscrita no rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo I, Folla rexistral núm. 47, co núm. de rexistro ROTPG/P/64/2021, polo que ten acadado plena eficacia e vixencia.

Pola súa banda, e no que atinxe ao procedemento de xestión, con data do 22.02.2022 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, tomou coñecemento da aprobación inicial, da proposta de equidistribución, polo sistema de concerto, do polígono único da AR I-01 Barrio do Cura, producida con data do 26.01.2022, segundo certificación xuntada ao expediente de razón; e que foi sometida ao preceptivo trámite de información pública, na Web municipal, e no BOP núm. 52 do 16.03.2022, por un período dun mes(1), sen que consten a data do presente, e logo do transcurso do dito período legalmente esixido, a achega de ningún escrito de alegación/suxestións ao dito expediente, tramitado nesta XMU baixo o núm. 5281/401.

II. Así as cousas, e logo da achega de varias entregas da documentación técnica relativa ao presente proxecto de urbanización, derivadas de senllos requirimentos efectuados por esta administración, á vista dos informes emitidos polos diferentes departamentos municipais, así como polas empresas subministradoras -trámites todos eles que obran incorporados ao expediente electrónico de razón- así como as derivadas de diversas reunións de traballo entre ambas administracións que, recollían e concluían a inclusión de diversas modificacións, observacións, no dito proxecto, -debidamente motivadas, de conformidade coa normativa de pertinente aplicación-, con data do 23.03.2022 tiña entrada no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, baixo o Cod.Sol.: W673557-893, impreso de solicitude suscrito pola entidade Barrio do Cura Desarrollo, SL-, polo que achega para a súa tramitación, documento modificado do Proxecto de urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola MP do PXOU/1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, e solicita a súa tramitación e subsecuente aprobación inicial e información pública, xuntando a tales efectos a preceptiva documentación técnica, en formato dixital en un soporte informático, que se conforma das seguintes carpetas e/ou documentos: Memoria e 16 Anexos, planos, prego de condicións, orzamento, documentación toda ela redactada por Alfonso Penela, Arquitectura Agronomía e OTIMA, SL, datada en marzo de 2022, e asinada con firma dixital válida o 23.03.2022, polos técnicos directores dos traballos.

III. Examinada a antedita documentación, con data do 21 de abril de 2022, o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, emite informe técnico, **de carácter favorable** a actuación proposta, do que extractamos a continuación o seu contido íntegro, para unha maior comprensión do nel concluído,

Antecedentes

Con data do 22 de setembro de 2021, tiña entrada no Rexistro electrónico da XMU, un escrito da entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL, ao que se achegaba o “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura”.

O proxecto foi remitido aos diferentes departamentos municipais, así como ás empresas subministradoras, solicitando que trasladasen ao departamento de Desenvolvemento Urbanístico da Xerencia municipal de Urbanismo as observacións/consideracións que considerasen oportunas en relación co mesmo.

Tras manter diversas reunións técnicas aclaratorias da documentación presentada, o 14 de febreiro de 2022 deuse traslado dos informes emitidos, tanto polos departamentos municipais como polas empresas subministradoras co obxectivo de que se procedera a introducir tódalas modificacións, observacións e consideracións ás que aludían, e aos efectos de que á maior brevidade, esta administración, no exercicio da competencia lexítima atribuída polo marco xurídico vixente, puidera proceder á súa aprobación inicial.

Posteriormente, con data do 22 de marzo de 2022, tivo entrada no Rexistro electrónico desta XMU, un escrito da entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL, ao que se achegaba o documento modificado do “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a



Concello de Vigo

reordenación do ámbito do Barrio do Cura”. Esta información trasladouse de novo para supervisión aos servizos municipais interesados, obténdose os informes de resposta dos servizos de: Montes, Parques e Xardíns, Seguridade e Mobilidade, Bombeiros e Electromecánicos e Aforro Enerxético que figuran incorporados ó expediente de referencia. O alcance deste informe limitase á avaliación desta derradeira versión do proxecto de urbanización de cara á súa aprobación inicial.

1. Análise da documentación presentada

1.1 Memoria

O proxecto contén unha memoria na que se expón, de xeito resumido, o alcance do proxecto, os seus obxectivos e antecedentes de planeamento e as súas características principais de deseño. Establécese con claridade que o presente proxecto de urbanización redáctase de acordo coas determinacións establecidas na Modificación Puntual do PXOU de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura (MP-B.CURA) para a execución da ordenación detallada do polígono único do ámbito de reforma interior en solo urbano non consolidado AR I-01 BARRIO DO CURA.

Esta ordenación foi establecida directamente pola Modificación Puntual do PXOU de Vigo de 1993 para a reordenación do Barrio do Cura, en desenvolvemento das determinacións estruturantes establecidas para este ámbito de solo urbano non consolidado na correspondente ficha de planeamento



Imaxe 1. Delimitación da Área de Repartición en solo urbano non consolidado AR-1 (en liña descontinua de trazo e punto granate) sobre a ordenación detallada do ámbito da MP-BARRIO DO CURA.

1.2 Anexos

No referido á descrición e xustificación das solucións adoptadas que figura nos Anexos do proxecto compre realizar as seguintes apreciacións:

- **Anexo 01: Antecedentes urbanísticos e arqueoloxía**

Neste anexo reitéranse moitos dos antecedentes urbanístico incluídos na memoria do documento A máis, faise referencia á arqueoloxía da zona, incidindo na súa caracterización, nos criterios de ordenación e nas normas reguladoras da protección arqueolóxica. Achégase dentro do anexo o correspondente catálogo de arqueoloxía.

En relación con este asunto compre mencionar que no expediente de tramitación deste proxecto figura que con data do 04 de febreiro de 2022, a entidade Barrio do Cura SL, solicitou a esta XMU a remisión á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural – Xefatura Territorial de Pontevedra, do Proxecto de urbanización da Modificación Puntual do PXOU de 1993, para o desenvolvemento do ámbito do Barrio do Cura, aos efectos de que se procedese á autorización da intervención arqueolóxica no ámbito.

En cumprimento do peticiónado, o 08 de febreiro de 2022 desde a XMU remítiuse á citada Dirección Xeral o proxecto de urbanización referido, aclarando que mesa data non tiña acadada a súa aprobación inicial (Exp 5282/401).

- **Anexo 02: Topografía**

Achégase levantamento topográfico. No proxecto definitivo debe especificarse o sistema planimétrico de referencia.

- **Anexo 03: Xeoloxía e Xeotécnica**

O proxecto incorpora un estudo xeotécnico para a avaliación das características particulares dos terreos. Non corresponde ó alcance desta aprobación inicial o análise da suficiencia dos ensaios realizados nin a interpretación dos mesmos que, por outra banda, está asinada por técnicos competentes na materia.

- **Anexo 04: Viario trazado e pavimentación**

Trazado

Especifícase neste anexo que as aliñacións do viario correspóndense coas reflectidas na Modificación Puntual.

O anexo tamén inclúe unha verificación informática das traxectorias de paso do autobús da norma do Ministerio de Fomento. Neste senso cabe mencionar que a pequena glorieta situada entre as rúas Santa Marta e Torrecedeira debe contemplarse como revasable para facilitar as manobras e garantir que as rodas non invaden en ningún momento as beirarrúas. Neste senso se pronuncia o informe da área de Seguridade e Mobilidade que figura incorporado ao expediente e onde se indica ao respecto da mobilidade no novo vial que:

(...)A partir da simulación de movementos neste vial nos seus accesos e saídas cara de dende os diferentes viais, comprobase a viabilidade dos xiros que deberán concretarse co servizo de transportes.

De acordo co anterior, os proxectos de urbanización das áreas de solo urbano consolidado que envolven o ámbito, deberán coordinarse co servizo de transportes e axustar o seu deseño para evitar na medida do posible que se produzan vós por riba das diferentes beirarrúas no paso destes vehículos.

O trazado en alzado axustase ás rasantes actuais, con lixeiras modificacións para mellorar peraltes e acordos entre os eixos.

No relativo ás seccións tipo compre dicir que se corresponden coa modificación puntual en canto a aliñacións. O novo vial que conecta as rúas de Torrecedeira e dos Poboadores dispón de zonas de tránsito diferenciadas, mentres que as rúas dos Poboadores e de Santa Marta (tramo Norte) se axustan tamén as aliñacións do PXOM pero, de acordo co existente manteñen unha única plataforma, adecuada para o tráfico atenuado que se prevé na Zona Vella da que forman parte.

Cómpre dicir que tralas diversas reunións técnicas mantidas co equipo redactor e de revisar a versión definitiva do proxecto, a avaliación do servizo de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo especifica o seguinte ao respecto do trazado dos viais:

1 GLORIETA NO CRUZAMENTO DE TORRECEDEIRA E SANTA MARTA.

-A illa da glorieta reduciu o tamaño e conta cunha parte pasable estilo Paseo de Alfonso Falperra para favorecer os movementos

-O acceso a glorieta atópase semaforizado

2. NOVO VIAL



Concello de Vigo

-Reformuláronse a situación dos pasos de peóns para mellorar a seguridade dos mesmos e atópanse semaforizados.

-A sección de calzada aumentouse para conseguir 3,50m de ancho por carril.

-Revisarase a sinalización dos viais tipo 1, tipo 2 e tipo 3, acorde ao estado final de execución, usos e sentidos previstos nos seus accesos ou paso transporte público.

Pavimentación

De acordo co prescrito no artigo 3.2.1 da Modificación Puntual, a metodoloxía do cálculo pretende elixir a sección estrutural máis axeitada entre as diferentes tipoloxías posibles en función das diferentes combinacións de categoría de tráfico e de explanada obtidas.

Nos percorridos peonís ou de uso compartido adóptanse diferentes pavimentos en función da zona onde se sitúen ou a exclusividade do uso:

- Pavimento de pedra de uso compartido por vehículos:

Lousas de pedra granítica de dimensións variables e espesor 12 cm sobre capa de morteiro de 4 cm de espesor. Base de formigón de 21 cm HF- 3.5 sobre subbase de zahorra de 20 cm de espesor. Emprégase en zonas da praza central con tráfico de vehículos e zonas de acceso.

- Pavimento de pedra de uso exclusivo peonil:

Lousas de pedra de dimensións e espesor variables (5-10 cm) sobre capa de morteiro de 4 cm de espesor e base de formigón.

O espesor do pavimento de pedra e variable en función de si é posible o acceso de vehículos ou non.

- Pavimento continuo en calzadas:

Capa de rodadura de aglomerado asfáltico pulido consistente na aplicación de 7 cm de MBC. Baixo a rodadura unha capa de 7 cm de MBC AC22BIN e 13 cm de AC32G configurando un total mínimo tras o pulido de 25 cm de mesturas bituminosas en quente en tres capas.

Como subbase unha capa de 35 cm de zahorra artificial a partir de áridos reciclados de formigón. Sobre a estrutura do parking subterráneo empregarase a mesma capa de rodadura sobre 10 cm dunha capa intermedia para regularización da lousa.

Cargas nos forxados da praza

O proxecto indica que de acordo co código técnico da edificación (CTE), dados os usos fundamentalmente comerciais que se esperan na zona, os forxados deberán resistir os esforzos correspondentes a locais comerciais (D1 da táboa 3.1 do DBSE AE) ou a zonas de aglomeración (C5 da mesma táboa), en ambos casos 5 kN/m².

A máis, especificase que:

De acordo co indicado polo calculista do proxecto “Las cotas 25, 29, 30, 35 y 41 permiten la entrada de vehículos de hasta 4000 kg de carga total (estimando una superficie ocupada por el vehículo de 8 m²)“pódese considerar o paso de vehículos de ata 4000 kg de peso.

Achégase tamén un plano coa determinación gráficas das sobrecargas admisibles en cada un dos forxados dispostos.

Observación 1

Avaliados os pavimentos propostos e tendo en conta as observacións feitas no informe dos servizo de Seguridade e Mobilidade e que integra tamén o feito polo servizo de bombeiros compre dicir o seguinte:

- No deseño deberá garantirse que a praza situada na cota 30 da continuidade ao uso público da beirarrúa que linda con ela e se garante a accesibilidade dos percorridos nesta marxe do vial.
- Os pavimentos dispostos en cada un dos forxados do proxecto deben ser axeitados para resistir

cadansúas sobrecargas de deseño en perfectas condicións de servizo, sen que se vexan danados polo paso eventual de calquera vehículo que estivera admitido neles.

No proxecto de execución deberán achegarse os cálculos precisos para garantir este condicionado.

- O vial situado á cota 30 e que comunica as rúas de Torrecedeira e dos Poboadores, debe ser calculado de xeito que non imponha ningunha limitación de cargas aos vehículos que poden ser autorizados para transitar polos viais municipais.

Estas condicións de deseño e os correspondentes cálculos xustificativos deben incorporarse ao proxecto de cara á súa aprobación definitiva.

- Segundo especifica o informe elaborado polo servizo de Seguridade e Mobilidade: “Deberá indicarse a limitación de sobrecarga de uso para este espazo público no caso do acceso de vehículos para tarefas de mantemento ou asistencia en caso de urxencia”.

Enténdese que este suposto está contemplado coa afirmación contida no proxecto na que se di: “De acordo co indicado polo calculista do proxecto “Las cotas 25, 29, 30, 35 y 41 permiten la entrada de vehículos de hasta 4000 kg de carga total (estimando una superficie ocupada por el vehículo de 8 m²)“pódese considerar o paso de vehículos de ata 4000 kg de peso”.

En calquera caso, esta afirmación do calculista deberá estar reflectida nun documento específico asinado por este técnico e achegarse como apéndice a este anexo, ou ben ser asumida polos técnicos autores deste proxecto de urbanización.

- No informe emitido polo servizo de Bombeiros do Concello de Vigo, e que se atopa incorporado ao expediente, consta o seguinte condicionado:
 - o ”Respecto a edificación existente na cota máis baixa, debe garantirse a accesibilidade cun vehículo contra incendios tanto na cara Norte como na cara Sur. O que supón presentar un vial non inferior a cinco (5) metros de ancho e cunha capacidade portante de 2000 Kg/m² No acceso polo viario da zona Sur, deberá existir unha instalación de hidrantes equidistante a ámbolos extremos da edificación.
 - o Respecto as edificacións que se atopan segundo proxecto na cota mais alta, debe garantirse a accesibilidade a calquera das fachadas, o que supón a existencia dos viarios necesarios, e presenten un ancho non inferior os cinco (5) metros e cunha capacidade portante de 2000 Kg/m². Os vehículos contra incendios existentes neste Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo, tanto os vehículos de salvamento en altura como as BUP (bombas urbanas), teñen un peso en orde de marcha de 18.000 Kg, ámbalas dúas”.

Por outra banda, a Modificación Puntual aprobada pronunciábase no referente a este asunto no apartado 2.2.5.- Condicións de seguridade fronte a incendios:

“Cumpriranse as determinación do Documento Básico de Seguridade en caso de incendio do Código Técnico da Edificación, aprobado no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, ou normativa que o substitúa”.

Tendo en conta ambas prescricións, de cara á aprobación definitiva do proxecto de urbanización o proxectista debe:

- o Integrar no proxecto de urbanización unha referencia específica ao cumprimento no deseño da urbanización das condicións impostas polo CTE en materia de protección contra incendios que se refiren na Modificación Puntual, con especial atención ao referente as vías de evacuación e ás necesidades de aproximación e posicionamento dos servizos de bombeiros.

En relación co anterior, débese especificar de xeito gráfico onde se prevén os posicionamentos e zonas de manobra dos vehículos de protección contra incendios e verificar o cumprimento do condicionado emitido polo servizo de bombeiros. En calquera caso, deberán coordinarse con este servizo as posibles alternativas a este condicionado e xustificar, de modo estrito e de acordo á normativa vixente, as condicións de deseño previstas para atender a estes supostos de incendio en



Concello de Vigo

calquera das edificacións proxectadas no ámbito do proxecto de urbanización

- o Verificar que se cumpre o prescrito polo DBSE AE no seu artigo 4.2. Incendio, que especifica o seguinte:
 - Las acciones debidas a la agresión térmica del incendio están definidas en el DB-SI
 - En las zonas de tránsito de vehículos destinados a los servicios de protección contra incendios, se considerará una acción de 20 kN/m² dispuestos en una superficie de 3 m de ancho por 8 m de largo, en cualquiera de las posiciones de una banda de 5 m de ancho, y las zonas de maniobra, por donde se prevea y se señalice el paso de este tipo de vehículos.
 - Para la comprobación local de las zonas citadas, se supondrá, de forma independiente y no simultánea con la anterior, la actuación de una carga de 100 kN, actuando sobre una superficie circular de 20 cm de diámetro sobre el pavimento terminado, en uno cualquiera de sus puntos.

- **Anexo 05: Abastecemento**

Neste anexo recóllese o dimensionamento das redes de abastecemento e os criterios de deseño das redes de abastecemento e as súas conexións co exterior do ámbito.

No proxecto incorpóranse as observacións realizadas nos informes solicitados á empresa concesionaria do servizo de abastecemento do Concello de Vigo e asúmese a realización dos ensaios e probas necesarios para comprobar a boa execución das obras e a calidade dos materiais a máis da conservación das obras executadas durante o prazo de garantía.

- **Anexo 06: Saneamento e drenaxe**

Especificanse os criterios de dimensionamento e as características principais de das redes de colectores a augas residuais e pluviais que forman parte do sistema de saneamento.

No proxecto incorpóranse, con carácter xeral, as observacións realizadas nos informes solicitados á empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Vigo e asúmese a realización dos ensaios e probas necesarios para comprobar a boa execución das obras e a calidade dos materiais a máis da conservación das obras executadas durante o prazo de garantía.

- **Anexo 07: Estruturas**

O proxecto incorpora o cálculo de estruturas vinculadas coa execución da urbanización (muros) e expón as hipóteses de cálculo consideradas. Non corresponde ó alcance desta aprobación inicial o análise dos resultados obtidos nin das hipóteses e cargas consideradas, que corresponde aos proxectistas como técnicos competentes na materia que asinan os cálculos presentados.

Porén, si compre precisar dentro de esta supervisión os seguintes aspectos de carácter xeral que deben terse en conta de cara á aprobación definitiva do proxecto:

Observación 2

- Cómpre actualizar a normativa vixente en materia de cálculo e execución de estruturas de formigón e validar os cálculos de acordo á nova normativa (Código Estructural).
- É preciso particularizar os cálculos de acordo aos resultados obtidos no estudo xeotécnico que se achega como parte deste proxecto ou, cando menos, validalos conforme a eles.

- **Anexo 08: Incidencias Ambientais**

Neste anexo identifícanse as principais afeccións ambientais do proxecto e propóñense medidas correctoras das mesmas, así coma un plan de vixilancia ambiental que permita realizar o seguimento e control das medidas propostas.

Compre mencionar que con data 31.10.2018 a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ditou resolución pola que se formulou o Informe Ambiental Estratéxico na que resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual do Plan xeral de

ordenación urbana do Concello de Vigo, toda vez que conclúe que non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da mesma.

- **Anexo 09: Paisaxismo**

No anexo relátanse os criterios paisaxísticos incorporados ó deseño do ámbito e defínense as actuacións previstas para materializalos.

Tralas reunións técnicas mantidas con servizo de Montes, Parque e Xardíns, compre trasladar a seguinte observación que se fai contar no informe emitido por este servizo en data 01 de abril de 2022 e que consta incorporada ao expediente:

Observación 3

“A vista das modificacións incorporadas na elección do material vexetal para as plantacións dentro do ámbito do Proxecto de Urbanización do Polígono Único da AR I-01 do Barrio do Cura, informase:

As novas propostas de plantación resultan axeitadas aos espazos previstos, aínda que existe un erro entre as especies que se dispoñen para as ‘Agrupacións de arbustivas na praza acompañando ao arboredo ou en grupos illados’ e a proposta para ‘Separación dos hortos urbanos’, xa que tanto a Hedera como o Parthenocissus son trepadoras, mentres que a Erica é arbustiva.”

A máis, e no relativo á colocación dun alxibe para o almacenamento de augas de choiva e posterior uso para a rega compre dicir que corresponderá ao promotor asumir a legalización dese uso de acordo coa normativa vixente no momento da súa posta en servizo.

Co obxectivo de acadar unha maior integración deste anexo no conxunto do proxecto, suxírese a súa tradución ao galego en consonancia co resto do documento.

- **Anexo 10: Xestión de residuos**

Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento.

- **Anexo 11: Estudio de Seguridade e Saúde**

Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento.

Co obxectivo de acadar unha maior integración deste anexo no conxunto do proxecto, suxírese a súa tradución ao galego en consonancia co resto do documento.

- **Anexo 12: Iluminación pública**

Cómpre atender ás prescricións que figuran no informe de supervisión emitido polo servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético en data 20 de abril de 2022 e que figura incorporado ao expediente.

Estas observacións considéranse emendables e compre a súa resolución antes da aprobación definitiva do proxecto.

- **Anexo 13: Coordinación con outras obras previstas no ámbito da modificación puntual do PXOM para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura**

O anexo define, a partir das determinacións establecidas na Modificación Puntual do PXOU, das solucións de deseño desenvolvidas no Proxecto de urbanización e das consideracións feitas polos servizos técnicos municipais, un marco de referencia a ter en consideración nos diferentes proxectos que definan as obras ordinarias a executar para completar o desenvolvemento das previsións da ordenación detallada no ámbito da mesma, a efectos de garantir a as necesarias condicións de homoxeneidade da urbanización, de continuidade do espazo público e de calidade da paisaxe urbana.

- **Anexo 14: Plan de Control de Calidade**

Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento

- **Anexo 15: Medios mecánicos**

O anexo indica que no ámbito da actuación se instalaran tres ascensores e dous grupos de dúas escaleiras.



Concello de Vigo

Porén, a efectos de valoración, neste proxecto inclúense unicamente o ascensor do Berbés e o ascensor do Parque. Especificase que o resto de elementos inclúense conxuntamente coas edificacións das que formaran parte coa forma de proxectos de obras ordinarias e segundo o dito no anexo 13 de coordinación con outras obras previstas no ámbito.

Cómpre atender ás prescricións que figuran no informe de supervisión emitido polo servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético en data 20 de abril de 2022 e que figura incorporado ao expediente. Estas observacións considéranse emendables e compre a súa resolución antes da aprobación definitiva do proxecto.

A máis cómpre engadir a observación recollida no informe emitido polo servizo de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo no seu informe de data 12 de abril de 2022. Isto é:

Observación 4

Deberán concretarse as instalacións complementarias para garantir o uso seguro do pasadizo do Berbés de 25,00m de longo e 1,80m de ancho.

• **Anexo 16: Cumprimento de informes municipais**

Achégase unha relación dos informes municipais emitidos antes da data de presentación da presente versión do proxecto e relátase de que xeito se atendeu dentro do proxecto cada unha desas observacións.

1.3 Planos

A máis dos comentarios que puideran derivar das observacións feitas no informe e das requiridas nos informes dos servizos municipais, compre facer as seguintes observacións de orde menor que se deberán incorporar de cara a unha aprobación definitiva do proxecto:

- No plano 2.6.1 debe indicarse a situación en planta das tipoloxías de muro que se describen en todas as follas da colección 2.6.2. No seu caso, deberán eliminarse aquelas que non correspondan co ámbito do proxecto.
- No plano 3.2.6 refléxanse uns detalles de sumidoiros que deberan ter en conta a disposición dalgún tipo de elemento que evite a chegada de residuos a unhas canles que resultan de difícil acceso para o seu mantemento.
- Deben incluírse detalles da sección construtiva do elemento destinado a conter a lámina de auga. Debe procurarse unha versatilidade no seu deseño que facilite, en caso de considerarse oportuno ao logo da súa vida útil, un posible cambio de uso deste espazo.
- Debe achegarse o cálculo do elemento de contención de vehículos que figura no vial tipo 1. A máis, debe especificarse a normativa de referencia e ampliar o detalle construtivo recollido no plano 4.2.
- Os elementos de mobiliario urbano descritos no plano 4.2 deben axustarse, con carácter xeral, ás prescricións municipais para este tipo de elementos no relativo aos materiais empregados e á funcionalidade esixida.

1.4 Prego

Corresponde ó proxectista velar por una correspondencia entre as unidades descritas no PPTP e as descrições incluídas nos prezos do presuposto. Do mesmo xeito debe velarse por unha correspondencia entre as condicións de abono descritas e as formas de medición dispostas para cada un dos prezos.

1.5 Presuposto

O documento ten os contidos mínimos esixibles sen formar parte do alcance da presente revisión o contraste das medicións incluídas no mesmo e a suficiencia dos prezos dispostos.

2. Conclusións

O documento modificado do “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do

Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura” presentado pola entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL o 22 de marzo de considérase completo e axeitado para proceder á súa aprobación inicial de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento.

Non obstante, recóllense dentro deste informe observacións que, en calquera caso, non se consideran incompatibles con esta proposta de aprobación inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa Básica aplicable

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio a reactivación económica de Galicia,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Modificación barrio do cura Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións xerais, e normativa sectorial que poidan afectar ,e resulten de aplicación,

II.- Natureza, Obxecto e Descrición do Planeamento que se executa a través do presente

A natureza e obxecto do presente proxecto de urbanización, é detallar e programar, coa precisión necesaria para a súa execución material, as obras de urbanización precisas para o desenvolvemento do polígono único da área de repartición -AR I-01 Barrio do Cura-, delimitado pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, de conformidade coas previsións e determinacións establecidas directamente na propia MP-B.CURA.

Localízase no centro urbano do Concello de Vigo, na parte inferior da ladeira NO do Monte do Castro, moi próximo ao porto pesqueiro, no interior do “Barrio do Cura”, peza de especial singularidade na estrutura urbana da cidade que se sitúa entre a Zona Vella (cidade histórica) e as tramas densas da



Concello de Vigo


extensión da cidade cara ó suroeste resultantes da forte expansión vivida nos anos sesenta e setenta do pasado século. Un borde de transición entre o tecido da Zona Vella e os novos crecements da cidade cara a rúa de Torrecedeira que constitúe unha unidade morfolóxica diferenciada e que hoxe en día caracterízase como un baleiro urbano na trama da cidade central en acelerado proceso de degradación



Delimitación do polígono único da área de repartición AR 1-01 sobre ortofotografía (Fonte proxecto presentado)

A ordenación detallada do dito ámbito, quedou establecida, de conformidade co previsto no artigo 54 da LSG, directamente pola referida MP-B.CURA, e que reflicte nos planos de ordenación da MP-B.CURA, abrangendo unha superficie de 12.043 m², dos que 1.081 m² corresponden a dotacións públicas existentes que a ordenación mantén, e os 29.026 m² restantes corresponde a propiedades privadas ou públicas de carácter patrimonial.

As determinacións urbanísticas para o desenvolvemento deste ámbito, recóllense na correspondente ficha urbanística que a MP-B.CURA incorpora ao listado de fichas de planeamento do Núcleo Central do PXOU, e recollida graficamente nos planos de ordenación detallada do ámbito do Barrio do Cura contidos na MP-B.CURA, que se incorporan e forman parte da documentación gráfica do presente proxecto de urbanización; Asemade o apartado 5.2 da Memoria, recolle, un cadro resumo da ordenación detallada que se executa.



PO_01_01:Ordenación Xeral. Zonificación e usos pormenorizados

A Ordenación detallada concreta as parcelas destinadas a dotacións públicas de conformidade co disposto no artigo 42.2 da LSG e coas determinacións da MP-B.CURA para este ámbito e que se recollen na correspondente ficha urbanística, contemplando a realización dun aparcadoiro público baixo a rasante do novo viario proxectado con capacidade para 300 prazas.

Con independencia do solo destinado a dotacións locais de uso e dominio público, a ordenación detallada establece determinadas servidumes de uso público sobre as parcelas lucrativas co obxecto da mellor satisfacción dos obxectivos do planeamento.

Establécese, ademais, no solo cualificado coa ordenanza BC-R04, a reserva dunha parcela destinada a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, na que materializar a edificabilidade de 3.585 m² que corresponde ao 30% do aproveitamento residencial total da área de repartición conforme establece o artigo 42.9 LSG para os solos urbanos non consolidados regulados no artigo 17.b.2 da mesma lei

III.-Dos Proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización”, dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por



Concello de Vigo

finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización do Polígono único da Área de Reparto en SUNC AR -I-01 Barrio do Cura, coas características e resto de parámetros descritos.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan preveña en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro de camiños, canais e portos, desta XMU no informe emitido con data do 21.04.2022.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 21.04.2022 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informe que se incorpora ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado inicialmente a proposta de equidistribución, polo sistema de concerto (BOP núm. 52 do 16.03.2022), como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

VI.- Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar ulteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdiccional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

VII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada -AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico incorporado ao expediente subscrito con data do 21 de abril de 2022, que se incorpora e forma parte da presente proposta de acordo, e lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP,- no que conclúe que o documento modificado do “Proxecto de Urbanización do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura” presentado pola entidade mercantil Barrio do Cura Desarrollo, SL o 22 de marzo de 2022, considerase completo e axeitado para proceder á súa aprobación inicial de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento. Non obstante, recóllense dentro deste informe observacións que, en calquera caso, non se consideran incompatibles con esta proposta de aprobación inicial, ratificando dito extremo os que asinan a presente, dende o seu leal saber e entender ,ao revestir as



Concello de Vigo

mesmas un alcance menor e , en todo caso compatible coa presente proposta de aprobación inicial,

Por canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte, ACORDO

Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter inicial, ao «Proxecto de urbanización do Polígono único da Área de Repartición en solo urbano non consolidado -AR I-01- delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 23.03.2022 ,baixo o Cod. Sol.: W673557-893, redactada por un equipo multidisciplinar, conformado polo arquitecto Alfonso Penela, Arquitectura Agronomía e OTIMA, SL, datada en marzo de 2022, e asinada dixitalmente polos técnicos directores dos traballos. o 23.03.2022.

Segundo.- Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina Web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia -computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos, así como as empresas operadoras de telefonía, e as prestadoras de servizos-, Aqualia, Unión Fenosa e Gas Galicia.

Terceiro.- Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, os informes sectoriais que resulten preceptivos, en atención ás características do ámbito.

Cuarto.- Advírteselle á entidade “Barrio do Cura Desarrollo, SL” que, con anterioridade á súa aprobación definitiva, esixírase documento refundido da documentación aprobada, coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública ,dos informes sectoriais que se emitan, así como as que deriven e dean cumprimento debido, ás observacións técnicas referidas, que tal e como se ten indicado, revisten un alcance menor e en todo caso compatible coa presente proposta de aprobación inicial.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Proposta de aprobación do proxecto de “mellora de accesibilidade da contornado centro de saúde de Teis”. Expte. 4867/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(333).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”. EXPTE. 4867/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 03/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 2/05/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 25.09.2020 resolveu autorizar o gasto, para redacción do proxecto para o “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, a favor da empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

II.- A empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.. presenta proxecto de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS OITO MIL CENTO SEIS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.308.106,35 €), de data decembro de 2020.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 09.12.2020, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da



Concello de Vigo

Área de Fomento, en data 10.12.2020 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación ten lugar na rúa Ángela Iglesias Rebollar que da acceso ao Centro de Saúde de Teis. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

- Demolerase o pavimento das beirarrúas e da calzada, escavarase a caixa co espesor correspondente a cada sección tipo e compactarase o fondo da escavación.
- Se instalará una rampla mecánica de 48,5 metros de lonxitude para salvar a elevada pendente da rúa. Este elemento electromecánico estará protexido da climatoloxía por unha estrutura de cubrición formada por pórticos metálicos e cerramento de vidro laminado.
- Renovarase o pavimento en todo o ámbito de actuación. Na parte central da rúa disporase da rampla mecánica e da súa estrutura de cubrición, a ambos lados da mesma existirá unha zona axardinada de 1,20 m cada unha.
- Os carrís para o tráfico rodado terán 3 m. de ancho cada un executados mediante unha capa de rodadura de 5 cm de MBC AC-16/SURF D BC 50/70, sobre unha capa de 20 cm de HM-20 e á súa vez sobre outra capa de 20 cm de zahorra artificial.
- As beirarrúas estarán formadas por baldosa hidráulica imitación pizarra de 40x40 e 5 cm de espesor, asentadas sobre 4 cm de morteiro e 15 cm de soleira de formigón HM-20.
- Renovarase a rede de abastecemento de auga potable mediante unha tubaxe de fundición dúctil de diámetro nominal 100 mm, disposta na marxe impar da rúa, e con dúas tubaxes de fundición dúctil de diámetro 80 mm, cambiáranse as acometidas ao centro de saúde e a que discorre polo aparcamento anexo. Instaláranse 7 bocas de rego e 2 hidrantes contra incendios.
- Substituírase a rede de fecais existente por sendas tubaxes de PVC 315 mm. Tamén se cambiarán as acometidas existentes mediante canalizacións de PVC cos diámetros especificados nos planos.
- Disporase dunha rede separativa para augas pluviais, mediante tubaxes de PVC de diámetros 315 mm e 500 mm.
- Renovarase a canalización do alumeado con tubaxes de PVC de diámetros 63 e 110 mm. Nas beirarrúas disporase de columnas de 9 m de altura en aceiro galvanizado e luminarias de 75 W. Nos pórticos de cubrición da rampla mecánica instalaranse proxectores.
- A rede de gas manterase a existentes.
- Reporanse os tramos de canalizacións de telecomunicacións que se vexan afectados.
- Regulárase o cruce da rúa Ángela Iglesias Rebollar coa Avenida de Galicia mediante semáforos e o paso de peóns existente na Avenida de Galicia fronte ao nº 106
- En canto á xardinería instalarase unha rede de rego con dous sectores. Tamén se implantarán xardineiras e zonas verdes anexas ás ramplas.
- O mobiliario urbano estará composto por 3 papeleiras, 2 bancos e unha estatua na honra de Ángela Iglesias Rebollar.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SEIS) 6 meses.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de data 05.03.2021, autorizando a

execución das obras do proxecto de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, así como autorización de Augas de Galicia de data 18.08.2021, condicionada ó cumprimento das seguintes condicións particulares:

“(…)

1. As obras serán o proxecto de “Mellora de accesibilidade da contorna do centro de saúde de Teis” consistentes en actuacións de mellora da accesibilidade peonil mediante construción dunha rampla mecánica de 48,5 ml de lonxitude e 1 m de ancho con estrutura de aceiro, cuberta de pórticos de aceiro e vidro laminado, sobre cimentación e muros de formigón armado e foso para maquinaria, renovación das redes de abastecemento, saneamento e augas pluviais, pavimentación de calzadas, beirarrúas e zona de aparcamento, actuacións de alumeadado público, semáforos, electricidade, telecomunicacións, xardinaría e sinalización e mobiliario urbano, en zona de policía e a unha distancia de 39,84 m do leito do rego Paraixal, na rúa Ángela Iglesias Rebollar, na parroquia de Teis, Concello de Vigo.

2. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.

3. Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.

4. Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

5. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ao río por escorrentas ou cheas.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.

6. Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase á súa rehabilitación, descontaminando a terra e, se for preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

7. O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses, contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.



Concello de Vigo

8. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno”.

VI.- Asemade consta no expediente administrativo de referencia, resolución de autorización na zona de dominio público da estrada PO-323, asinada polo xefe do servizo provincial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en data 23.11.2021, condicionada ó cumprimento das seguintes condicións particulares:

“(…)

1. Autorízase a colocación do semáforo proxectado na estrada autonómica coa condición de que a conservación e mantemento do mesmo se realice a cargo do Concello de Vigo.

A conexión do camiño co bordo do aglomerado da PO-323 farase á mesma cota e en ningún caso se poden verter as augas á mesma, debendo quedar garantida a recollida das augas pluviais no propio camiño municipal, de forma que non afecten á estrada.

2. Segundo o proxecto achegado coa solicitude, todas as canalizacións que se realizan (abastecemento, saneamento, pluviais, rego, alumeado e telecomunicacións) proxéctanse fóra da calzada da PO-323 e só afectan á zona de proxecto (zona a asfaltar e beirarrúas a renovar). No caso de que a conexión dalgunha delas se tivera que realizar cun cruzamento na propia calzada da estrada autonómica, este deberá realizarse mediante perforación horizontal dirixida.

3. No caso de que se afecte a accesos rodados, a reposición realizarase coa mesma tipoloxía de pavimento, sempre en todo o seu ancho. En todo caso deberán manterse a mesma rasante e as mesmas aliñacións actuais, extremándose as precaucións nas operacións de nivelación e refino.

As instalacións de iluminación, polas súas características ou luminosidade, vistas desde calquera punto da calzada ou das beiravías da estrada, non poderán producir cegamento ou distracción ás súas persoas usuarias, confusión cos sinais de circulación nin calquera outro efecto negativo sobre a seguridade viaria.

4. Durante a execución das obras, tomaranse as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación, colocando a sinalización e balizamento necesarios e adoptaranse todas as medidas de seguridade pertinentes para protexer a todos os usuarios da estrada (peóns, vehículos, etc.).

5. O solicitante deberá comunicar por escrito con antelación suficiente a data e hora do inicio e do final dos cortes parciais de tráfico que sexan precisos, á autoridade competente en materia de regulación e control de tráfico. En todo caso, intentarase que os cortes se realicen en momentos nos que se minimize a afección ao tráfico.

6. Non se poderán iniciar as obras ata que se realice a acta de conformidade da súa implantación, que se define na condición xeral 8.

7. As obras deberán estar rematadas no prazo de dezaioito (18) meses, que se empezará a contar a partir do día seguinte da notificación da resolución. No caso de non poder executalas

no prazo establecido deberá solicitar unha prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.

A autorización considerarase caducada no caso de non executar ou non iniciar a actividade no prazo establecido.

8. Próximo ao remate das obras, o interesado comunicará a data prevista de terminación das obras para a realización da acta de conformidade da súa finalización, á que se refire a condición xeral 12.”

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal e o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emiten en data 26.04.2022 emite informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“Cabe destacar que o Centro de Saúde de Teis, está incluído no catálogo de patrimonio cultural, tanto no Plan Básico Autonómico (código 36057-30146), coma no catálogo do planeamento urbanístico municipal vixente (plano 3-P e ficha A-142). Dispón de resolución favorable da Consellería de cultura de data 05/03/2021.

Dispón de autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 23/11/21. E as obras propostas tratan dunha adecuación da zona superficial de dito espazo de uso público, non alterando ningunha das condicións de uso existentes.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión,



Concello de Vigo

aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP). Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o presenta proxecto de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS OITO MIL CENTO SEIS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.308.106,35 €) de data decembro de 2020, asinado dixitalmente en data 31 de xaneiro de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(334).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez